

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e catro de novembro de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Días. Dá fe do acto o vicesecretario xeral da Corporación, don Juan Marquina Fuentes.

Está ausente a deputada dona Elvira Lama Fernández (do Grupo Socialista), que achega un escrito, xa validado pola Secretaría Xeral, onde indica o sentido do seu voto a todos os puntos que se van someter a votación, ao abeiro do establecido no artigo 7 bis do Regulamento Orgánico da Corporación.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: videoacta.depourense.es

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2017.-

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 27 de outubro de 2017, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 27 de outubro de 2017 é aprobada por unanimidade.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

2º.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES Á APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2018 E APROBACIÓN DEFINITIVA.-

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Bos días a todas e a todos e sobre todo un saúdo moi especial a todos os nenos e nenas que hoxe nos acompañan aquí neste salón de Plenos.

Ao respecto deste punto, indicar que nós estamos a favor, dende logo, de que se teña en conta a reclamación do Concello de Verín e que se teña en conta esa alegación. En todo caso, como o que estamos votando é a aprobación definitiva para o orzamento do ano 2018, a nosa postura a ese respecto é clara, xa quedou explicitada no Pleno onde se produciu a aprobación inicial e onde debatemos os orzamentos un pouco máis polo miúdo; entón, en todo caso nós, loxicamente, vamos a repetir a postura daquel Pleno e vamos a votar en contra deste punto deixando claro que nós estamos a favor da resolución desta alegación en favor recoñecendo os dereitos do Concello de Verín. Entendemos que a solución adoptada é a menos mala. De momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: buenos días a todos. Los niños estos, bienvenidos. No sabemos si han venido aquí como un premio o como un castigo, porque para aguantar esto van a *flipar (non sei se aguantarán moito)*. No sé si los traen para que se diviertan, o son los que lo hicieron mal en la clase. No lo sabemos, lo sabremos dentro de poco. En cualquier caso, están viendo el futuro. Niños, un futuro gris como siga esta persona que está ahí, el que está presidiendo, ese. El malo es ese, ese de ahí. Ese es el malo.

Bueno, estos presupuestos son una paranoia más de José Manuel Baltar que quiere ser el primero en todo en cosas que son realmente una auténtica chorrada como ser el primero en España en twitter. Entonces, es una paranoia más de esta persona que es un infantil crónico que le dejó el puesto de trabajo, ahí, su padre porque tuvo que su padre ser condenado para conseguir que él estuviera ahí. Simplemente para que tenga paranoias de ser el primero en

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

estas historias, viene con los presupuestos intentando anticiparlos antes que nadie, para después tener que hacer constantemente modificaciones que no sirven para nada.

Hoy me levantaba, escuché la radio y me levanté con una grabación del señor JM Baltar, así que vamos a poner una psicofonía de JM Baltar hoy, que salió esta mañana en la radio para que ustedes vean de qué va un poco toda esta historia. A ver si podemos regular bien el audio: *próximamente mantendremos un encuentro también con un mercado importante que es el chino y creo que hay un mundo de posibilidades y la Diputación, como gobierno provincial, tiene que tutelar este proceso. O sea, o que faltaban aquí eran os chinos por vir. Os chinos. Xa viñeron os ianquis, xa foi a Israel, xa falou cos alemáns, falouse o outro día no discurso de inauguración de Corea do del Sur, falou do hyperloop (que aínda non chegou aquí o Ave e falou do hyperloop) e agora faltaban os chinos por vir. Fijaos, por favor, que es el presidente de la República de Orense. En vez de que es simplemente una persona metida a dedo en la Diputación de Orense, que es la última provincia de España por desgracia, y donde la mayoría de esos niños que están ahí no van a vivir aquí en el futuro porque tendrán que emigrar si esta persona sigue gobernando, eso es lo triste. Esos niños que están ahí, de mayores no van a estar aquí, van a estar emigrados por culpa de personas como esta y este auténtico loco viene hablando de los chinos, vamos falar cos chinos, no se qué. ¡pero si Orense es la última en exportaciones de España! ¡qué chinos, qué chinos hombre!*

Yo con 17 años ya estaba en las ferias de Frankfurt, sabiendo lo duro que es el mercado, para que vengas tú aquí pensando que el mercado se expotra así, llamando por teléfono a esta gente. No estoy diciendo que haya que empezar de joven, ni nada, pero lo que estoy diciendo es que este cree que es solo hacer un enclave, una reunión y ya se hacen exportaciones. Obviamente eres un auténtico ingenuo porque, haciendo lo que hiciste de los americanos, somos la última provincia gallega en exportaciones.

De este tema decir que nada más y con lo que me quedo de esta noticia es con lo que salió ayer en la prensa, en La Región. Fijaos chavales como no mentía. El que miente es ese, el malo, el de *Star Wars*, es un caballero Sith, ¿sabes?. Pues, mirad niños, lo que ponía ayer el periódico, ponía: *casi 13.000 orensanos se fueron a trabajar el año pasado fuera*. Casi 13.000 orensanos se fueron el año pasado a trabajar fuera, esta es la realidad. Luego, las paranoias que *el teña na cabeza, son cousiñas que el ten na cabeza, cousiñas que ten*.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Moi bo día a todos e a todas, aos que estades aquí presentes e aos que nos estean escoitando a través das redes. Quería tamén mandarlle un saúdo especial a toda esta xuventude, a todos estes mozos e mozas, ou nenos e nenas, que están aquí. Darlle a benvida e alegrámonos moito, por parte do Grupo Socialista, de que estean aquí porque sen dúbida este é un proceso moi importante da súa aprendizaxe, vexan o que é a cousa pública, a xestión pública. Isto é de todos, voso tamén, polo tanto moi benvidos e seguides con esa boa educación, nunca a perdades e que veñades máis veces.

Entrando xa en materia, moi breve, señores e señoras. Lido o informe de Intervención e lida a proposta, nós -ao igual que dixo o compañeiro do BNG- vamos a ratificar o noso voto en contra dos orzamentos e estamos tamén a favor da alegación do Concello de Verín. Era unha subvención xa dada que, por diferentes motivos, non puido ser materializada. Vemos tamén que hai un compromiso firme para levala a cabo. Xa digo, votamos a favor da emenda do Concello de Verín, manifestamos o noso voto a favor deles, da alegación mellor dito, e o noso voto en contra dos orzamentos. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do PP: grazas presidente. Deputados, deputadas, estimado público que hoxe nos acompaña, ben neste salón ou a través de internet; pero permítame tamén que, de maneira especial (señor Jácome, buenos días a usted también), de maneira especial saúde e lle dea a benvida a este grupo de nenos e nenas que hoxe nos acompañan do colexio Mestre Vide e, como non, aos seus *profes*. Espero que hoxe levedes de aquí un bo recordo, que saquedes o positivo do que vai pasar aquí, porque xa empezamos cos *chascarrillos*, isto ídolo ver durante o Pleno supoño que en máis dunha ocasión. Sacade o positivo de aquí e espero que nun futuro, non moi afastado, vos vexamos a algúns de vós, polo menos, nesta bancadas ben como membros da Corporación ou como funcionarios ou operarios desta Casa. Benvidos pois.

Cinguíndome xa á orde do día -ao marxe dos *chascarrillos* que xa nos brindaron de entrada cos buenos días- cinguireime á orde do día como debe ser e non falarei do que non nos ocupa. A nosa posición ao respecto deste tema quedou bastante clara, ou clarísima, na Comisión informativa correspondente, pero vouna repetir outra vez incluso de maneira máis detallada para que non se faga demagogia e oportunismo deste tema.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

O Grupo de goberno, quede claro, fai seu, como non podería ser doutro xeito e así consta na proposta da Presidencia, o informe da señora interventora desta Deputación, recente, do 9 de novembro do presente mes; no sentido de que a alegación presentada, señor Fraga Civeira, polo Concello de Verín contra o orzamento de 2018 inicialmente aprobado debe ser desestimada -é rotunda na súa afirmación- ao non constar a existencia dunha obriga esixible a esta Deputación respecto do Concello de Verín polo concepto sinalado na reclamación.

En todo caso, como xa se dixo aquí, asumimos o compromiso firme -así o dixo o presidente e o manifestamos nós tamén- de incluír na próxima modificación de créditos, con cargo ao remanente de Tesouraría que resulte da liquidación do orzamento deste ano, unha subvención nominativa a favor do Concello de Verín para o financiamento das obras de urbanización e equipamento mobiliario do Centro Cultural das Artes de Verín.

Polo tanto, díño moi claro a señora interventora no seu informe e non vou a dar lectura a el, pero invítoos a que o lean vostedes para evitar, xa digo, oportunismos e demagogia. Quede claro pois que, dende o punto de vista técnico, esta Deputación obrou e está obrando correctamente. Dende o punto de vista político, a vontade do presidente e deste Grupo de goberno, acabo de dicilo, é que no primeiro expediente de modificación de créditos que veña a este Pleno se inclúa esa subvención para darlle axuda e cooperación, como é a nosa obriga, ao Concello de Verín. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Desestimar a reclamación presentada polo Concello de Verín contra o orzamento para o exercicio 2018 inicialmente aprobado.

Segundo.- Asumir o compromiso firme de incluír a previsión dunha subvención nominativa a favor do Concello de Verín para o financiamento das obras de urbanización e equipamento mobiliario do Centro Cultural das Artes de Verín nos orzamentos de 2018. Esta previsión incluírase a través do primeiro expediente de modificación de crédito

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

(crédito extraordinario) que se tramite no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de Tesourería derivado da liquidación do exercicio 2017.

O presente compromiso queda, en todo caso, condicionado á existencia de remanente de tesourería positivo derivado da liquidación do exercicio 2017 para o seu financiamento.

Unha vez aprobada a modificación orzamentaria, a subvención nominativa tramitarase de oficio, podendo acumularse nun único acto a concesión da subvención e a súa xustificación, ao tratarse dunha actuación xa realizada, e sempre e cando obre no expediente a documentación xustificativa correspondente.

Terceiro.- Prestarlle aprobación definitiva ao orzamento xeral e bases de execución da deputación para o exercicio 2018, de conformidade co establecido no artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, conforme co documento aprobado inicialmente o 29 de setembro de 2017, segundo o seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) Ingresos, resumo por capítulos:

1. Operacións correntes:

| | |
|-------------------------------|---------------|
| I.- Impostos directos | 4.605.000,00 |
| II.- Impostos indirectos | 4.030.000,00 |
| III.- Taxas e outros ingresos | 4.458.461,13 |
| IV.- transferencias correntes | 66.182.047,37 |
| V.- ingresos patrimoniais | 219.511,75 |

2. Operacións de capital:

| | |
|-------------------------------------|------------|
| VI.- Alleamento investimentos reais | 21.000,00 |
| VII.- Transferencias de capital | 890.979,75 |
| VIII.- Activos financeiros | 300.000,00 |
| IX.- Pasivos financeiros | 0,00 |

B) Gastos, resumo por capítulos:

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

1. Operacións correntes:

| | |
|---------------------------------------|---------------|
| I.- Gastos de persoal | 31.798.524,56 |
| II.- Gastos bens correntes e servizos | 18.923.476,00 |
| III.- Gastos financeiros | 17.962,75 |
| IV.- Transferencias correntes | 13.213.768,95 |
| V.- Fondo de continxencia | 10.000,00 |

2. Operacións de capital:

| | |
|---------------------------------|---------------|
| VI.- Investimentos reais | 14.610.872,47 |
| VII.- Transferencias de capital | 663.528,20 |
| VIII.- Activos financeiros | 300.000,00 |
| IX.- Pasivos financeiros | 1.168.867,07 |

Cuarto.- Inserir no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos, o orzamento xeral, segundo o que establece o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente será obxecto de publicación o cadro de persoal en base ó preceptuado no artigo 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

3º.- FIXACIÓN DUNHA VIXENCIA DE DOUS ANOS PARA O PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POR INCREMENTO DA REGRA DE GASTO.

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. No Pleno de maio de 2017, este Grupo xa presentou unha moción na que se pedía –en relación co principio de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto- a adopción de dous acordos: instar ao Goberno do Estado a derrogar o artigo 32.1 da Lei orgánica 2/2012 para que se puidera destinar o superávit da liquidación orzamentaria á mellora dos servizos que se prestan á veciñanza e instar ao Goberno do Estado a reformar o resto da normativa vixente relativa ao

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

destino do superávit das Corporacións locais e aos criterios sobre investimento financeiramente sustentable mentres non se procedera á modificación legislativa.

Vostedes, por boca do vicepresidente primeiro, deron toda sorte de rodeos para acabar presentando unha emenda, que é a práctica habitual, co único obxectivo de non cuestionar a política económica do goberno Rajoy. Os argumentos, os de sempre, incluída a consabida referencia do señor Rosendo ao goberno de Zapatero.

O resultado do superávit de 2016 das Administracións públicas, señor Rosendo, non é froito da brillante xestión do Partido Popular, nin da bonanza da súa lexislación. Vostedes, xa o sabemos, sons uns fenómenos xestionando, mais os datos din o contrario. O incremento da débeda do Estado baixo o seu mandato é *escalofriante*; estamos a falar de 1,6 billóns de euros que representa o 143% do PIB, unha mochila que vai a ser impagable. O Estado español é un dos máis endebedados do mundo (teño aquí a gráfica da evolución desa débeda durante os últimos nove anos, vese perfectamente que practicamente, ou sen practicamente, duplicouse), digo que o Estado español é o máis endebedado do mundo, o déficit da Seguridade Social en 2016 foi de 18.000 millóns de euros e vaise incrementando exponencialmente xa que no 2015 foron 13.000 millóns. Este ano, para poder pagar as pensións houbo que habilitar unha liña especial que o Estado lle da á Seguridade Social de 10.200 millóns de euros que é o que lle falta.

Dende o ano 2011, último ano do Goberno do Zapatero, vostedes aumentaron a débeda en proporcións asombrosas a pesar de aplicar unha lexislación austericida e restritiva a costa de retallar dereitos á cidadanía e, para que eses resultados non foran aínda peores, moito tiveron que ver o conxunto das Administracións Públicas, especialmente as corporacións locais que contribuíron decisivamente rexistrando un superávit por importe de máis de 7.000 millóns de euros (1,06% do PIB). Non se trata ademais dun dato puntual xa que desde o ano 2012 o sector público local vén rexistrando superávit ano a ano, que en termos agregados aproxímanse aos 26.000 millóns de euros.

Maila este esforzo emprendido polos concellos, a recente publicación do Proxecto de Lei orzamentos xerais do Estado para 2018 mantén as restricións implantadas dende o 2012 para o destino do superávit aplicadas coa aprobación da Lei orgánica 2/2012. Estas restricións que se foron concretando posteriormente con medidas que se veñen prorrogando ata a data de hoxe. Estas normas, volvemos lembrar, xa os fixemos máis veces, imponen aos concellos

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

regras moi restritivas á hora de poder destinar o superávit mesmo no caso de se constatar, como acontece agora na maioría das entidades locais, un período continuado de mellora das finanzas locais. O goberno do Estado está a empregar o bo resultado económico das corporacións locais para axudar a conseguir o cumprimento dos obxectivos de déficit do conxunto de todo o Estado, cando ese comportamento orzamentario e económico positivo na maioría dos Concellos debería ter unha repercusión directa nos mesmos.

A contención dos gastos que se impón ás Corporacións locais é arbitraria respecto doutras Administracións e non garda relación coas necesidades das maiorías sociais. Contrasta que, sendo as Entidades locais cumpridoras de estritas obrigas no escenario económico adverso, cando teñan unha melloría nos seus resultados teñan que continuar con limitacións severas; mentres outras políticas públicas –como por exemplo o gasto militar que se incrementa este ano un 32%- que xa non tiveron que afrontar unha contrición de tanto calado como a imposta aos propios concellos, agora son as que teñen a preferencia do goberno central para expandir a súa capacidade de gasto.

Por iso, señores e señoras do Partido Popular, cando se cree ferventemente nunha lei, non se poden facer trampas e incumprila ao antollo de cada quen. Dinnos os técnicos desta Casa: o señor Montoro interveu a facenda, nós dicimos claramente que esta Lei supón un problema, vostedes que é a panacea para a redución do déficit (xa se ve que é mentira); polo menos sexan consecuentes e respecten o que aproban. Nós vamos a votar en contra. Nada máis. moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: (ya está, ya está solucionado) A ver niños que levante la mano el que se enteró de algo, de lo que explicó aquí mi compañero del Bloque. Básicamente, para que lo entendáis, en lenguaje llano, es como cuando a vosotros os mandan hacer un trabajo en clases para que os puntúe en las notas y entonces alguien esconde algo del trabajo que era obligatorio, lo esconde, no lo presenta, lo hace mal y entonces el profesor le tiene que poner unos deberes, lo castiga, lo suspende y le pone unos deberes. Pues es, más o menos, lo que hizo el de ahí, el que presume, el que va de líder. Presentó mal la contabilidad de las cuentas, las presentó mal, no presentó todas las cuentas y omitió unos gastos, entonces la hacienda española, el Estado español le puso una reprimenda y ahora tiene que hacer un plan a dos años, como una especie de deberes,

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

una especie de penitencia, para subsanar y pagar esa metedura de pata que hizo. Esto de aquí simplemente es un castigo a alguien que hizo mal una gestión. Ese, ese de ahí.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Moi breve, isto corresponde a unha obriga legal; polo tanto pouco debate cabe máis. Para non repetir o que xa dixo o deputado do BNG, a nosa postura sobre a regra de gasto xa quedou explicitada e manifestada naquel Pleno. Nós estamos, somos favorables -tanto aquí como noutras Institucións- a mudala porque creo que lle crea grandes quebrantos e eivas ás Administracións locais sobre todo. Pero, indo ao que se nos propón aquí, non cabe máis remedio que cumprir co que di a lexislación. Nós, neste caso, ímonos abster sen máis historias.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Partido Popular: grazas presidente. Por unha vez lin e relín outra vez a orde do día, a ver se me equivoquei e pasáronma mal ou lin eu mal porque aquí fálase de todo, menos do que nos ocupa. Por unha vez coincido con vostede señor Pérez Jácome, ¿como van a entendernos os nenos que están aquí se falamos do sexo dos *ángeles*? O señor Rodríguez Suárez tivo oportunidade de falar aquí do Plan económico financeiro cando debatemos, da moción que aprobamos no seu día ao respecto do remanente de Tesouraría -ou do superávit para que nos entenda- das corporacións e a destinalo no que decidiran na súa autonomía municipal os Concellos e Deputacións e hoxe vennos a falar da política de Estado. Do que non fala é de que aquí reducimos drasticamente a débeda, como iso non lle parece ben ou non debe dicilo, pois fala da débeda do Estado. Algún día falará, como digo eu, do sexo dos *ángeles*.

Esta é unha cuestión meramente técnica. O Plan económico financeiro aprobámolo aquí no seu día, coa maioría correspondente e cos informes ao respecto da señora interventora xeral. Hoxe, hoxe, cumprindo o que di o artigo 21 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria é que este Plan económico non pode ser só para una ano (nós asumíanolos), di que ten que ser para dous; é dicir, que neste caso ata nos abre as portas das facilidades. Isto é o que é e non enganemos á opinión pública; senón digo enganar, non lle digamos milongas. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º- Dotar ao Plan Económico Financeiro por incumprimento da regra de gasto na liquidación do exercicio 2016 dunha vixencia de dous anos.

2º- Remitirle á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, o presente plan, segundo o artigo 23.4 da Lei 2/2012.

4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N.º 4/2017.

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Expediente de modificación de créditos 4/2017. Non vamos a dicir nada porque é un tema suficientemente falado, explicado, as posturas por parte de todos están claras. Unicamente parece que se están vostedes presentando ou preparando xa para as datas que se nos aveciñan e preparando este sorteo da lotería, o sorteo dos reis, preparándose para esa *pedrea* que caerá pronto. Nós vamos a votar en contra. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: ya mandaron salir a los *cativos*, una pena realmente porque si los niños entienden lo que hablamos aquí, lo puede entender mucha más gente. *¡Volve traelos, volve traelos, quedaches quente, pero volve traer rapaces, volve!*. Me hace gracia porque los trae del Mestre Vide, del Metro Vide, como quien un colegio así tal, pero luego él, a los hijos, los lleva a Maristas y solo se relaciona con gente de Maristas. Pero queda *guay* traer a unos niños que sean del Mestre Vide. No, de Maristas igual hay críticas, mejor los traigo del Mestre Vide. Va en ese plan.

Decir que (creo que los niños vieron claramente quién es el malo y el bueno aquí) el tema este (lo vieron, lo vieron, se le veía en la cara a los niños, son votantes de DO claramente), mira en esta modificación de crédito Plácido por favor habla tú, te lo pido por favor porque vamos a ver aquí de una cuantía, corrígeme si me equivoco, en torno a 150.000€, un *concellíño que está alí cerca da fronteira con Portugal de onde é alcalde aquí...lévase 80.000€, máis do 50%*. Oye, tú estás en todos los saraos. ¿Tú fuiste alguna vez a un casino? La

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

primera vez que fui a un casino yo me escojoné, había una señora, había muchas ruletas y había una tipa que antes que el croupier dijera: *no va más*, coge la tipa y va a toda prisa por todas las mesas, bum, bum, botando fichas. Pues tú igual, tú estás *carallo* en todos los repartos de ampliación de créditos está Muíños. Va a ser el concello más ricos, va a parecer Kuwait dentro de poco. Explícanos, por favor, toda esta pasta que siempre te llevas tú. No me extraña que salgas alcalde una vez y otra también, *se eres o máis rico con diferencia de todos os repartos. ¿Sabes o que pareces? Pareces o cupo vasco. Ti es como o cupo vasvo que levas todos os cuartos.*

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Nós como todas as mocións, esta é a cuarta, ás tres anteriores votamos que non e este non vai ser menos. Nós estamos en contra deste reparto discrecional de fondos para concellos, máis alá de que lle toque a uns ou a outros.

Entendemos tamén o que di o señor Jácome. Señor Álvarez Dobaño entenderá a envexa dos alcaldes que se sentan aquí, a envexa da boa, da *sana*, da menos *sana*, de todas, todos os alcaldes que se sentan aquí e como os que estean vendo que, unha vez tras outra, lle tocan estes fondos. Felicidades para vostede, pero é unha mágoa que o resto de concellos non teñan, ou non poidan dispoñer nesta Administración dun Plan único –que foi o que propuxemos aquí- e que reciban o diñeiro que lle corresponde. Votaremos que non.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas señor presidente. Señor Rodríguez Suárez por unha vez foi máis moderado que ningún dos demais, falaba vostede, ou daba a entender, que xa eran catro expedientes de modificación de créditos. ¡Home! Vostede sabe que é un instrumento legal que permite a normativa vixente e que se poden facer cantos se estimen oportunos, ben vindo ao Pleno ou ben por Resolución da Presidencia, ou da Alcaldía no seu caso. Eu recórdolle que cando vostedes cogobernaban no Concello de Ourense aquí o meu compañeiro e amigo, don Rosendo, chegou a *tildar* a algún alcalde de *el modificador* porque eran bastantes máis dos catro. Entón, quede claro.

Señor Pérez Jácome, sen entrar nos seus *chascarrillos*, mire respecto para o *concellíño* de Muíños o mesmo que lle teño eu ao *partidiño* que vostede representa. Dito isto, eu invítoos a vostedes, señor Fraga Civeira e a el tamén, a que comproben cal é o nivel de investimento desta Deputación, dun xeito ou doutro, non só con subvencións nominativas, hai outras formas de investir nos concellos. Invítoos a que comproben o diñeiro que levan uns concellos e

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

outros. En todo caso, e non é por chulearme, utilizando palabra clara, a miña misión como alcalde e procurar levar os maiores fondos posibles para o meu concello; como supoño que era a súa cando foi alcalde e incluso deberíao intentar agora dende a oposición porque ao final para iso estamos. E se somos *concellíños*, con todos os respectos (espero que el non se vaia a presentar alí porque igual non sae ningún voto e con esa linguaxe menos aínda) eu pido respecto para todos os concellos pequenos que bastante traballo levamos en manter os servizos, como para que veñan agora aquí incluso insultándoos. Eu non insultarei a un *partidiño* como o que representa o señor Pérez Jácome.

Dito isto, o expediente cumpre todas as normativas, o informe favorable da señora interventora xeral como non podería ser doutro xeito e recórdolles que se cumpre tamén o establecido no artigo 9.2 da Ordenanza xeral de subvencións na porcentaxe que nos autolimitamos voluntariamente en canto ás subvencións nominativas. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, eu referíame a número catro simplemente para indicar que era un tema levabamos debatido reiteradamente este exercicio, o exercicio anterior, e era para non entrar na repetición dos argumentos que vostede tamén sempre me critica, que sempre é a mesma *cantinelas*; é que sempre é a mesma *cantinelas*, tanto por un lado como por outro.

Ao respecto do que di vostede, efectivamente, eu estou de acordo en que os alcaldes, os alcaldes, teñen a obriga de logar, de xestionar ou de intentar conseguir a maior cantidade posible de recursos de todas as administracións para os seus concellos. Aquí o problema é que non todos os alcaldes teñen as mesmas armas, ou xogan coas mesmas cartas, á hora de intentar conseguir eses fondos e iso, xa o apuntou tamén o portavoz do Partido Socialista, a solución era un reparto de fondos desta Deputación a todos os concellos con criterios obxectivos e non que esteamos asistindo ao que asistimos habitualmente que é a este tipo de modificacións de crédito que, ao final, nós si lle temos ese estudo do que leva un concello e o que leva outro concello e clarisimamente as cifras din que hai concellos que están beneficiados e concellos que están prexudicados. Cando falamos deste tema, cando presentamos o Plan único, cando tivemos o Pleno extraordinario que se celebrou neste mesmo salón no mes de agosto, eu díxeno claramente, hai concellos, concellos non só gobernados por partidos da oposición, ou que aquí nesta sala representan á oposición; senón concellos dentro dos seus propios concellos que son concellos de primeira, concellos de segunda e concellos de terceira. Iso, como

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

insistimos e como teño dito máis veces, a única forma de solucionalo é con criterios obxectivos de reparto coñecidos por todos e que a todos beneficien por igual e non o que está pasando actualmente. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Orensana: hola. Vamos a ver, primero, Democracia Orensana es el segundo partido más importante de la ciudad de Orense, eso es algo objetivo (lo medible no es opinable) ¿sí o no Plácido? *Entonces pódesslle chamar partidoño o que queiras.* Segundo, *eu en ningún momento insultei a ningún concello*, tú puedes hacer una política alemana de repetir constantemente una mentira que no por ello llega a ser cierta. En ningún momento insulté. Oye, perdona, el municipio del que eres alcalde es algo más grande que Parada de Sil, *de onde é toda a miña familia, obviamente claro que é un concelliño se o comparamos con Carballiño, con Ourense, tal...*entonce, oye decir que é un *concelliño non é insultar* absolutamente a nadie por mucho que tú te empeñes con esa historia.

Al margen de eso, decir que, vamos a ver, a ti parece que se te pegaron los años de Baltar (de los dos *Baltares*), te voy a decir porqué. Primero, el motivo por el ese dinero siempre van para ti es porque obviamente Baltar reparte el dinero, no en función de a quién más le haga falta a los concellos en la provincia o bien en algo que tendría que ser simplemente igualitario, sino que lo hace con total discreción y está premiando a la gente más afín a Baltar. En este caso Plácido es más afín a Baltar. Además Baltar tiene que premiar todos los sapos que te tragas aquí, no ya cuando levantas la mano; sino sobre todo cuando tienes que ser portavoz. El otro día en el paripé que hicisteis vosotros aquí del estado de la provincia que tú tuvieras que salir aquí de *majorette* a hacerle el juego a este. Que salgas aquí a hacer de *majorette*, de tonto al atril como hiciste pues obviamente te tiene que pagar y ¿cómo te lo paga? Pues obviamente discriminado a favor, dando un dinero para eso.

Como alcalde tú haces muy bien Plácido y creo que aquí estás pareciéndote en una cosa al hijo y ahora al padre. ¿En qué se te pegó lo del padre? En lo de cacique, por lo siguiente. Vamos a ver, tú eres una persona que, como alcalde, tienes que luchar para conseguir lo máximo para tu pueblo, ¡vale!, igual que un padre de familia, un padre de familia tendrá que conseguir lo máximo para sus hijos y, en ese sentido, haces muy bien, ¡Ay *amiguiño*, pero te equivocas en una cosa! Que tú eres diputado, tienes conflicto de intereses, igual que un padre de familia si tiene un cargo público, no puede coger dinero público para llevarlo a la familia que le dé la gana. Tú igual, al ser diputado tienes conflicto de interese,

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

entonces tú como deputado estás cometiendo una injusticia si haces una derivación injusta para tu municipio, excesiva, porque al ser un juego de suma cero, si tú recibes de más, otros reciben de menos. Entonces, como alcalde haces muy bien en reclamar para ahí, pero como diputado estás siendo un diputado tremendamente injusto con la provincia de Orense.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas señor presidente. Señor Álvarez Dobaño a verdade é que converte vostede nun experto, deben ser os anos de experiencia, en desviar á atención. Nada que obxectar contra Muíños, un dos concellos máis fermosos da provincia, superado polo meu, iso si. Falando do meu, tamén teño que dicirlle que falta a primeira vez para que eu, estando na oposición, me negue ou chame a algunha Administración dicíndolle que non manden algo para Piñor; cousa que padecín cando estaba de alcalde que, polo que me dicían algúns altos cargos da Administración do seu concello, se producía. Non me topará neso porque todo o que veña para Piñor, veña de quen veña, vai a ser bo. Pero é que non estamos falando disto, señor Álvarez Dobaño, é máis sinxelo. ¿Que queremos nós? Queremos que o que vostede recibe o poidan recibir tamén o resto dos Concellos da provincia. Tan sinxelo como isto. Nada máis.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas de novo presidente. Sen entrar en polémicas que non é o meu estilo, nin vou cambiar agora. Miren vostedes, *concellíño* ou non, Muíños conta cun complexo turístico deportivo que os invito a que vaian alí, a vostede señor Pérez Jácome a parte de ir a algún restaurante alí de *paparota*, pase algún día por Muíños que xa me ofrecín a mostrarlle o que pasou e como está, como non está. Seguramente logo fala con coñecemento de causa. Ao mellor o seu compañeiro do lado pódello dicir máis, que andou por alí tomando algunha cervexa e facendo campaña electoral. Entón vostede tamén debería ir por alí que así coñecería máis estas cousas. Polo tanto, nese complexo turístico deportivo -a parte de que esta Deputación fai campamentos todos os anos, o de Coñece Ourense tamén e moitos máis- nós recibimos miles de mozos, incluso doutras comunidades autónomas, especialmente de Madrid, onde temos que atendelos. Sendeirismo, deportes náuticos: remo, vela, piragüismo e tamén lles digo que contamos co Club de piragüismo Fonte Fría que é un dos máis veteranos desta provincia. Polo tanto, o pantalan non é ningún capricho do alcalde, é unha necesidade non só dun concello, senón dunha comarca afastada da capital, deprimida, onde o despoboamento é galopante e onde a miña obrigación e a dos meus compañeiros da Baixa Limia é facer cousas para, cando

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

menos, frear ese despoboamento. Vostedes pódeno interpretar de que se eu son *baltarista*, dun, doutro, interprete vostede o que lle de a gana. Eu estou onde estou, son amigo dos meus amigos e leal onde estou. O día que non queira selo ireime tranquilamente e caladiño señor Pérez Jácome; ao mellor vostede non pode facer o mesmo.

Volvo dicir, señor Fraga Civeira, invíto de novo a que comparen os investimentos, dun xeito ou doutro, desta Deputación nos distintos concellos da provincia e, ao mesmo tempo, miren que xestións fai cada Grupo de goberno ou cada alcalde porque a ver se o señor presidente vai ter que levarlle algunha subvención a algún á casa. A ver se vai ter que facer iso. Senón a el pídalle información das subvencións que ten denegado, pídallo tamén. Dei uns datos, naquel Pleno extraordinario que vostedes solicitaron e que o presidente convocou no mes de agosto, dei uns datos de investimentos en determinados concellos desta provincia; íanmos rebater todos, estou esperando. Aínda non o fixeron. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto n contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTOS

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---------------|-------------------------------------|-------------|
| 450.12/762.01 | A Concellos. Cooperación provincial | 26.000,00 € |

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---------------|---|-------------|
| 334.20/489.00 | Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións | 36.000,00 € |
| 334.20/462.00 | A Concellos. Actividades culturais e recreativas | 10.000,00 € |

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVESTIMENTOS

| APLICACIÓN | EXPRESIÓN | IMPORTE € |
|---------------|--|-------------|
| 241.11/627.03 | Plano de emprego xuvenil. Fomento do emprego | 80.000,00 € |

RECURSOS UTILIZADOS

| | |
|---|---------------------|
| Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais | 152.000,00 € |
|---|---------------------|

2º.- Nas bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense procede concretar o capítulo VII de gastos que se ve modificado neste expediente, polo que se procede á especificación da aplicación para a que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--------------------|-------------------------------------|-----------|
| Concello de Muíños | Pantalán complexo deportivo O Corgo | 80.000,00 |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/489.00**. Actividades culturais e recreativas outras subvencións:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|---------------------------|-------------------------|-------------|
| Fundación Curros Enríquez | Gastos de funcionamento | 36.000,00 € |

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.00**. A concellos actividades culturais e recreativas:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|-----------------|-------------------|-------------|
| Castro Caldelas | Proxecto cultural | 10.000,00 € |

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

3º.- Aprobar a seguinte modificación cualitativa por corrección de erro no nome do beneficiario da subvención:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”, prevíase unha subvención ao Clúster de Comunicación para “actividades 2016” por importe de 5.000,00 euros. En base ao escrito remitido por este en data 26/10/2017, propónse a corrección do nome do beneficiario de dita subvención debido á existencia dun erro na modificación 2/2017, quedando da seguinte maneira:

334.20/489.00 “Actividades culturais e recreativas. Outras subvencións”:

| Beneficiario | Finalidade | Importe |
|--|-------------------|----------------|
| Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego | Actividades 2016 | 5.000,00 € |

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE TÉCNICOS 2018.

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Ao respecto deste tema, é un tema, ao igual que o anterior, suficientemente debatido e a nosa posición é clara e coñecida. E todo caso, como non e moi longa, vouna lembrar unha vez máis. Estamos diante dunha competencia impropia desta Deputación e este tipo de

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

achegas deberían prestarse pola Xunta de Galiza. Aínda así, poderíamos compartir que o deixamento do goberno galego, nesta e noutras materias, fóra paliada dende esta casa colaborando no mantemento destes dispositivos. Co que non estamos en absoluto de acordo é co feito de que, con diñeiro público, se financien servizos privatizados independentemente de cal sexa o seu modelo de xestión e co feito, neste caso particular, de que os concellos de menos de 5.000 habitantes -que son a maioría da provincia- queden excluídos da posibilidade de dispor de técnicos de apoio en servizos sociais. Nós vamos optar, como xa fixemos outras veces, pola abstención. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: absterémonos neste punto tamén. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do Partido Socialista: vamos concordar cos outros dous Grupos, ímonos abster tamén. Facémolo porque, aínda parecéndonos ben que se separe este programa do de BenOurense SAF e que se tramite con esta antelación que sen dúbida dálle seguridade aos concellos e poder planificar, como temos manifestado outras veces tamén, non estamos de acordo e que a lista dos destinatarios das axudas sexa pechada; senón que se poida abrir, xa o temos dito máis veces, a aqueles concellos menores de 5.000 habitantes que non estean mancomunados e que opten por xestionalo conxuntamente con outros concellos. Ese é o motivo polo que nos abstemos. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Como ben se di na proposta da Presidencia, en exercicios anteriores as accións de cooperación consistentes na asistencia económica para a dotación de persoal técnico e equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís diferentes e complementarios ao de traballador social, como todos saben, e a asistencia económica tamén relativa aos servizo básico de axuda no fogar, SAF básico como se lle coñece, agrupábanse nun programa único denominado BenOurense. Para o exercicio 2018 increméntase a partida dispoñible para dito programa estando previsto que o dito incremento se destine a subvencionar o SAF básico (ese incremento porque creo que é a petición máis xeneralizada e de máxima necesidade dos concellos ou dos *concellinos*), por esta razón, baseándose na experiencia de exercicios anteriores, estase estudando a posibilidade de inclusión de melloras nos criterios de distribución das axudas que, ao meu entender, eu polo menos téño claro, beneficiarán á maioría dos concellos da nosa provincia (aquí tería que dicir que algúns reciben pouco diñeiro,

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

señor Fraga Civeira, e non é culpa do presidente desta Deputación e do equipo de goberno). En todo caso, nós entendemos que resulta conveniente axilizar ao máximo a aprobación do programa coas accións de asistencia económica para a dotación de persoal técnico co fin de facilitarlle aos concellos (é o noso empeño) e tamén ás mancomunidades a contratación, nomeamento, adscrición de dito persoal coa maior brevidade posible.

Por tal motivo, para o exercicio 2018, decidiuse dividir o programa -como anticipou tamén o señor Fraga Civeira- en dous subprogramas: o BenOurense Técnicos (que é o que nos ocupa hoxe), e o BenOurense SAF (o servizo de axuda no fogar), para os efectos de poder anticipar a programación do programa BenOurense Técnicos sen necesidade de esperar a que conclúa o proceso de elaboración do programa BenOurense se servizo de axuda no fogar.

Polo que se refire ao programa que nos ocupa hoxe, o BenOurense Técnicos, optouse por manter as bases de anteriores exercicios á vista de que non se rexistraron incidencias na súa aplicación. Recordo, como xa se falou aquí no seu momento, que o importe da subvención por profesional, de acordo co previsto no Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e os seu financiamento que, como saben todos, foi modificado pola Orde de 13 do xuño do ano pasado, do 2016, por cada técnico superior do grupo A, subgrupo A2, é dicir as UTES e as UNIS, percibirá cada concello ou mancomunidade por cada técnico 16.815€e por cada técnico medio do grupo A, subgrupo A1, nas UNIS, recibirá 20.229€

Esa apertura da lista de beneficiarios, señor Fraga Civeira, non vou a entran nela porque creo que o falamos sobradamente no Pleno no que debatemos este asunto. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases do Programa de Cooperación BenOurense Técnicos 2018, co seguinte contido:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Constitúe o obxecto do Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2018. Programa BenOurense Técnicos, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa refírese á

1. Acción 1ª.asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.
- 2.Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

A comunicación da adhesión asinarase dixitalmente polo alcalde , presidente ou secretario da entidade local e remitirase telematicamente a través da plataforma antes do 31 de xaneiro de 2018. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa para a contratación de técnicos.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ó cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Antes do 1 de marzo , a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

E) Control financeiro das subvencións.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas as actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2018 e 2019. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

F) Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

2.- A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS)

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos profesionais titulados que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2018. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de **7 meses no exercicio 2018 e en xornada superior ás 20 horas semanais**. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

A subvención concedida pola Deputación de Ourense para a contratación/adscrición será incompatible con calquera outra concedida por outra administración pública para cofinanciamento do mesmo contrato/retribución.

Os profesionais contratados/adscritos deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado do secretario municipal no que conste que o profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo:

a) Entidades locais de áreas rurais de 5000 ata 12000 habitantes: 1 técnico equivalente a un Grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e 1 técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ao módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento modificados por Orde de 13 de xullo de 2016 (D.O.G número 140 de 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a Grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.

- Por cada Técnico Grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do(s) técnico/a(s), o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2018, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática. O sistema permitirá xerar a certificación final, que deberá remitirse telematicamente a través do propio sistema ata o 31 de decembro de 2018, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figure na plataforma.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha vixencia inferior ao semestre natural ao que se refire, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

d) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 31 de decembro de 2018, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2019. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido. Aquelas entidades que non presenten a xustificación no prazo previsto, sexa este o xeral previsto nestas bases ou excepcional outorgado tras unha petición razoada, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

finalmente xustificuen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, durante a tramitación do expediente de perda do dereito ao cobro da subvención.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

Anexo I

| Entid. Local Prestadora SSCM | U. Téc. | Área | Grupo A.Subgrup o A2 | Módulo Económico | Grupo A Subg A2. | Módulo Económico | Total Entidade |
|---|----------------|-------------|-------------------------------------|-----------------------------|---------------------------------|-----------------------------|-----------------------|
| Allariz | UTES | RURAL 28 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Barbadás | SEMIUR | SEMIU | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

| | BANO | RB. 9 | | | | | |
|--------------------------|------|-------------|-----|-------------|-----|-------------|-------------|
| Barco de Valdeorras, O | UNIS | RURAL 31 | 1,0 | 16.815,00 € | 1,0 | 20.229,00 € | 37.044,00 € |
| Carballiño, O | UNIS | RURAL 25 | 1,0 | 16.815,00 € | 1,0 | 20.229,00 € | 37.044,00 € |
| Manc. de Verín | UTES | RURAL 30 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Manc. do Carballiño | UTES | RURAL 25 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Manc. do Ribeiro | UTES | RURAL 26 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Manc. Santa Águeda | UTES | RURAL 24 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Manc. Terras de Celanova | UNIS | RURAL 27 | 1,0 | 16.815,00 € | 1,0 | 20.229,00 € | 37.044,00 € |
| Pereiro de Aguiar, O | UTES | RURAL 24 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Ribadavia | UTES | RURAL 26 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |
| Verín | UNIS | RURAL 30 | 1,0 | 16.815,00 € | 1,0 | 20.229,00 € | 37.044,00 € |
| Xinzo de Limia | UTES | RURAL 29 | 1,0 | 16.815,00 € | | | 16.815,00 € |

2º.- Someter a información pública, mediante anuncio inserido no BOP, as bases inicialmente aprobadas, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, polo prazo de 10 días hábiles. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións que consideren oportunas, que

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

serán resoltas expresamente polo Pleno. En caso de que non se formulen alegacións entenderase elevado a definitivo o acordo da aprobación provisional.

6º.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON CARLOS CASARES.-

O Sr. vicesecretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente. Nós vamos a votar, loxicamente como xa fixemos na Comisión, a favor. Vou a deixar para o señor Doval que seguro na súa propia intervención entrará máis polo miúdo no relatorio da relación de méritos que nos levan a aprobar a concesión desta honra a Carlos Casares. Simplemente indicar que Carlos Casares é unha figura destacada ou destacadísima das nosas letras. Este ano foi o ano de Carlos Casares, dedicóuselle o día das Letras Galegas e deixou unha profunda pegada o concello ao que eu pertenzo, no que eu son concelleiro, no concello de Xinzo. Un concello que foi concello de adopción de Carlos Casares. Como dixer na Comisión, é unha figura que suscita unha grande unanimidade ao seu redor e que, insisto, no noso concello e na nosa vila deixou unha profunda pegada e alí, xa a parte dos actos que se desenvolveron ao redor das Letras Galegas, xa fixemos os nosos recoñecementos da súa figura. Lembro, temos unha praza Carlos Casares, temos un colexio Carlos Casares. Entón, reiterar o noso apoio e o noso recoñecemento á figura deste destacado escritor galego. Nada máis. Moitas grazas.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bos días a todos. Da figura de Casares xa se falou suficienteente, xa tivemos un Pleno previo. Coincido con Ramiro que seguramente o portavoz do Partido Popular fará unha análise, ao mellor, da súa biografía. Eu creo que unha boa homenaxe que lle poderíamos facer ao escritor e editor (porque hai que ter en conta que unha das funcións principais na promoción da lingua galega que tivo Casares foi a de ser editor, ter unha editorial) unha boa homenaxe que lle poderíamos facer sería un pequeno análise do que podería ser unha clase de lingua galega. Eu tiven a sorte, durante unha época da miña vida, de ser alumno do famoso Xocas, Xocas Xaquín Lorenzo, e lembro unha vez que, falando na clase, dixo: *¿cómo dirías en gallego mi casita?* Entón dixo un alumno: *miña casaña*. Dille Xocas: *a ver, volve a pensar a*

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

ver se e o mesmo dicir: mi casita que miña casiña. Entón, empezamos todos a pensar: *ah, non é o mesmo.* Non é o mesmo en galego dicir *miña casiña*, que dicir en castelán *mi casita*. El dixo: *porque no galego o sufixo -iña no só é de que algo é pequeno, senón que é algo como con cariño.* Lembróuseme esa anécdota agora, cando ao dicir *un concelliño* pois o alcalde do Concello de Muíños, Plácido, entendeuno como algo despectivo e o meu compañeiro seguramente o entendeu no sentido que o dicía Xocas, pois algo cariñoso.

De todas formas, non é máis que unha pequena reflexión, como dicía, do complexa que é a lingua galega, do difícil que é ás veces entender o senso das palabras nesta fermosa lingua e penso que este sería un tema para divertir con Carlos Casares se estivera con nós. Nada máis. Grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do PSOE: moitas grazas. Nós, como non pode ser doutra maneira, imos a votar a favor. Xa nos adherimos ao expediente de honra que se tramitou. Non vou a entrar moito na súa glosa porque entendo que o señor Doval vaino facer e para non repetirnos. Digo como non podería ser menos, porque a parte a persoa da que estamos falando estivo moi vinculada co meu partido político, chegou a ser deputado no Parlamento de Galicia; a parte doutros moitos servizos, así están nas súas obras, que lle fixo a esta provincia e a esta sociedade. Así como a morte física é inevitable e todos somos pasables; a outra é conveniente que non se produza e que quede na memoria. Este eventos e estes recordos, sen dúbida, contribúen e elo, a manter a presenza daquelas persoas que nos fixeron, ou que nos fan, mellores a todos e mellores a esta provincia. Moitas grazas.

D. Manuel Doval Soto, do Grupo do Partido Popular: señor presidente, señores deputados e persoas que nos acompañan e tamén aqueles que están vendo ou que van a ter noticias deste Pleno tan importante para a nosa provincia e para a persoa á que hoxe vamos a adicar esta honra.

Grazas señor presidente por darme a oportunidade de instruír o expediente de honra a unha persoa que, por riba da súa traxectoria como escritor, como profesional, como todas as responsabilidades que tivo durante a súa vida –que non foi longa, desgrazadamente–, foi bo e xeneroso.

Expediente de honra a Carlos Casares Mouriño.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias conforme sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne escritor ourensán Carlos Casares Mouruiño, ten a ben informar o seguinte:

Que por providencia do presidente da Deputación don Manuel Baltar, con data 18 de maio de 2017, dispuxo que se levara a tramite o expediente de honra para a concesión da medalla de ouro da provincia, como homenaxe desta, ao insigne escritor Ourenseño Carlos Casares Mouruiño, coincidindo coas homenaxes recibidas en todo o territorio galego no ano das Letras Galegas 2017.

Conforme ao capítulo 3 do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomease instrutor do expediente a don Manuel Doval e secretario deste ao asesor de política cultural don Aurelio Gómez para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense, na súa dimensión cultural e tamén na súa destacada implicación social.

Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local *La Región*; así como na páxina web da Deputación para recoller testemuño dos veciños, entidades, concellos e asociacións coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste intelectual tan comprometido coa nosa provincia.

Recibidos innumerables escritos de adhesión, a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, correspóndelle agora á Corporación provincial en Pleno honrar, para a imperecedoira constancia e a transmisión a futuras xeracións, a memoria dun home tan querido e admirado.

Decláranse así feitos probados. Algunhas persoas desenvolven a súa carreira estritamente ligados á poboación que os viu nacer e a súa actividade transcende, fundamente, os límites da nosa provincia e contribúe a fomentar o coñecemento desta poboación a niveis insospitados; este é o caso do ourensán Carlos Casares.

Carlos naceu o 24 de agosto de 1941, trasladándose aos catro anos a vivir a Xinzo de Limia onde o seu pai exercía como mestre (algúns preguntábanlle se era de Xinzo de Limia, el co seu silencio nun dicía nin un si, nin un no porque se sentía ligado a Xinzo de Limia) . Foi o territorio da Limia o que o marcou neses primeiros anos de xuventude, unha importante influencia que se manifestou ao longo de toda a súa vida. Ese ambiente rural, en permanente contacto coas súas xentes, empapouno de sabedoría popular que, posteriormente, aparece

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

reflectida nas súas obras. O contacto coa natureza, a proximidade coa ampla familia que tiña na zona pódese dicir que lle facilitaron unha infancia feliz á que foi incorporando outra afeccións como foron o fútbol, a radio, a fabricación manual de xoguetes en miniatura, ou o cine a lectura. Aqueles espléndidos veráns ao aire libre, complementábanse co cru inverno onde a paisaxe familiar muda e transformábase, moitas veces, nunha escena ao redor do lume coas cociñas tradicionais nas que xurdían longos faladoiros cheos de historias de familiares, amigos e criados, nas que non faltaban o humor ou o misterio e que marcou unha pegada innegable na literatura de Carlos.

Posteriormente, para seguir coa súa formación, Carlos incorporouse ao Seminario de Ourense por influencia da súa familia materna que vivía intensamente o catolicismo. Foi precisamente no Seminario onde Casares se iniciou como escritor publicando un xornal, *El Averno*, do que se declaraba director e único xornalista. Esta etapa no seminario foi decisiva para descubrir a súa faceta de incipiente escritor, xa que nos típicos traballos de redacción as de Carlos adoitaban ser as máis destacadas e as que posteriormente se lían en público. Isto animouno a fisgar na ampla biblioteca do Seminario e a devorar tanta literatura podía. Nos veráns en Xinzo seguía con esa ambición lectora e, neste caso, na biblioteca da vila podía acceder a outro tipo de literatura máis liberal.

Nos seus anos mozos, e xa en Ourense, entrou en contacto co grupo cultural máis importante da cidade no que estaban Arturo del Cano, Risco, Prego de Oliver, Antón Tovar, Xaime Quesada, Ascisclo Manzano, Xaquín Lourenzo, Conde Corbal todos eles moi influentes e que nos faladoiros habituais nos que se xuntaban, en distintos cafés da cidade, loaban a brillante forma de escribir que xa manifestaba o mozo Casares.

Nos anos 60, trasládase a Compostela e alí entra en contacto con outros grupos culturais liderados, sobre todo, por Ramón Piñeiro (unha persoa que para el foi sempre un referente e co que mantivo unha estreita amizade), o que o leva a significarse en movementos estudiantís do ámbito galeguista. A amizade cada día máis intensa con Piñeiro vaino marcando neste sentido e significase moi activamente en accións culturais que contestan ao franquismo. Nesta mesma etapa compostelá, Casares segue reafirmando a súa faceta literaria e, tras unha breve experiencia poética, publica no ano 1967 *Vento ferido* libro de relatos xuvenís; séguenlle un conto para nenos, *A galiña azul*, co que xa gaña o premio O Facho. Posteriormente xa unha novela, *Cambio en tres*, e séguíndolle *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Os oscuros soños de*

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Clío, Ilustrísima, Os mortos daquel verán, Deus sentado nun sillón azul, Un país de palabras ou *O sol de verán*, cos que consegue importantes premios como os da Crítica do anos 1976, 1996 e 2002. A intensa faceta literaria de Carlos Casares complementouse tamén cunha ampla relación de obras de literatura infantil, como biógrafo, ensaísta e tradutor ao galego de importantes obras de literatura universal. Toda esta ampla relación coa literatura galega, lévao a ingresar no ano 1978 na Real Academia Galega, sendo o membro máis novo.

Destaca tamén en Casares a relación intensa coa prensa escrita. Primeiro dende as páxinas de *La Región* de Ourense e, posteriormente, *La Voz de Galicia* onde os seus artigos diarios convocaban a milleiros de lectores sorprendendo por ser dos máis lidos do xornal.

Xa na etapa de ensinante, e na provincia de Pontevedra, adquire unha posición máis implicada política e culturalmente ao redor de determinados intelectuais do grupo editorial *Galaxia*. Isto lévao a que no ano 1992 sae elixido deputado ao Parlamento de Galicia (como dicían) polo Partido Socialista Obrero Español como galeguista independente. Nesta etapa manifestouse unha das grandes condicións persoais de Casares: o seu espírito conciliador e de consenso, recoñecendo nalgúns debates de acordos que conseguiron a unanimidade do Parlamento. Esa característica foi sempre algo que todo o mundo destacou de Carlos Casares. Un home que sempre sumaba e que como filosofía de vida tiña, por encima de todo, o seu espírito construtivo.

No ano 1995 o seu gran amigo, Ramón Piñeiro, propono como presidente de *Galaxia* cargo que desempeña ata o seu falecemento; etapa na que acadou unha gran modernización da estrutura editorial. Xunto con esta editorial, dirixe tamén a revista *Grial*.

Coincidindo que algunhas das súas obras son traducidas ao castelán, entra en contacto con outros autores de fóra de Galicia con frecuente presenza en actos literarios, incluso a nivel internacional, o que lle leva tamén a presidir o Pen Club de Galicia e no ano 1996 o Consello da Cultura Galega.

O 9 de marzo de 202 falece de forma prematura, pero a súa implicación cultural, a súa obra literaria e a súa pegada persoal, o seu carácter conciliador fan que Carlos Casares siga vivo en toda a xente da cultura e por iso este ano 2017 das Letras Galegas dedicado ao noso admirado autor ourensán encheu a Galicia de méritos e recoñecementos para que perdure a súa memoria en todos nós.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Considerando pois que as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no escritor Carlos Casares Mouriño recollidas nos informes e manifestacións recollidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense e neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro. É de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades en prol do noso desenvolvemento, tanto cultural, artístico, musical, social como económico.

Que sendo este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta Institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a Carlos Casares Mouriño as honras previstas no noso regulamento.

Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación municipal a seguinte proposta: como homenaxe da provincia ao destacado intelectual ourensán Carlos Casares Mouriño de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle a título póstumo a medalla de ouro da provincia como homenaxe e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria social e cultural, marcada polo seu carácter conciliador que forxou na súa etapa máis ourensá e levarlle a presente proposta ao Pleno da Excelentísima Corporación provincial para a súa aprobación se procede.

Ourense, 10 de novembro de 2017.

O instrutor.

Agradecer aos Grupos, xa demostrado na Comisión, pero agradecerlle sinceramente o seu apoio á concesión da medalla a Carlos Casares Mouriño. De momento nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos deputados/as presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Outorgarlle a título póstumo a medalla de ouro da provincia ao destacado intelectual ourensán Carlos Casares Mouriño, como homenaxe da provincia de Ourense e

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria cultural e social marcada polo seu carácter conciliador que forxou na súa etapa máis ourensá. Todo isto de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense.

7º.- CAMBIO DATA DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO.-

Trala ratificación previa por unanimidade da inclusión deste punto na orde do día, o Sr. vicesecretario dá conta da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e por unanimidade dos deputados/as presentes na sesión, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de decembro, para o día 22 de decembro, venres, ás 10.00.

As comisións informativas ordinarias terán lugar os días 13 e 14 de decembro, pola mesma orde que no resto dos meses.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA GARANTIR O CUMPRIMENTO DAS MOCIÓN APROBADAS POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o seu contido.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Pese a que teñen vostedes a moción no seu poder, entendendo que nos ve a xente a través de internet, vou a proceder á lectura da mesma para dar coñecemento da mesma –como xa dixen- a quen nos poida estar vendo. Di así:

O Pleno da Deputación de Ourense é o órgano solemne de máxima representación política dos cidadáns da provincia nesta Institución e, polo tanto, o cumprimento dos acordos adoptados durante as súas sesións, como pode ser nesta os que levamos acordados hoxe, debería ser unha cuestión prioritaria para o Goberno provincial e para todos os Grupos políticos. Sen embargo, esta obriga política tan relevante non está a ser cumprida, posto que, ao longo dos 27 meses transcorridos do presente mandato, boa parte das iniciativas que obtiveron o respaldo maioritario dos membros do Pleno non foron levadas á

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

práctica; xa que foron executadas ben de forma parcial, ou caeron no absoluto esquecemento.

Segundo nos detalla o artigo 34 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, corresponde en todo caso ao presidente da Deputación ordenar a publicación e execución e facer cumprir os acordos. Polo tanto, queda acreditado que é obriga do presidente garantir o cumprimento dos acordos; algo que, como xa dixen, non está a suceder. Sirva como exemplo a moción presentada polo PSdG-PSOE na sesión Plenaria de xaneiro de 2017 (pronto haberá un ano) aprobada por unanimidade que se acordaron medidas para a protección da saúde fronte ao amianto. Nada se sabe sobre a creación de campañas de formación, información para a detección do amianto e os seus riscos. Tampouco hai noticias da existencia do convenio cos concellos para realizar un inventario de construcións con amianto. Tampouco sabemos se se instou á Xunta de Galicia a analizar á existencia de amianto na súas edificacións para proceder á súa retirada paulatina, así como a convocatoria de axudas para retirar o amianto de edificacións privadas. O incumprimento é tan flagrante que o propio Pazo Provincial continúa a ter decenas de metros cadrados de amianto nas súas cubertas. Mesmo algunhas propostas do presidente anunciadas neste salón, como a feira anual de viño da provincia ou a creación da primeira bolsa de emprego social, quedaron en simple propaganda.

É responsabilidade do presidente, pois, garantir o cumprimento dos acordos, pero tamén é responsabilidade dos Grupos políticos da oposición realizar o control da actividade, ou inactividade, do goberno. É responsabilidade dos membros do Pleno mostrar o respecto á institución e o reiterado incumprimento destes acordos plenarios supón un importante ataque á credibilidade da Deputación e á política en xeral.

O propio Código Ético desta Institución recolle que, ao ser o espello no que se mira a cidadanía, debemos eludir calquera acción ou omisión que poida prexudicar, nin sequera minimamente, a imaxe institucional e minar a confianza da cidadanía á Institución. Facer propostas, debatelas e aprobalas para despois omitilas e non facer nada supón un grave ataque á imaxe e á confianza das Deputacións, xa moi cuestionada pola opinión pública.

En base ao exposto, propoñemos ás seguintes propostas para o seu acordo:

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

A primeira, que o goberno provincial respecte e acate os acordos adoptados polos representantes lexítimos da maioría de representantes dos cidadáns no Pleno (nada novo, eu creo que é o obvio e obrigatorio)

Emisión dun informe trimestral por parte do goberno provincial informando sobre o grao de cumprimento e incumprimento dos acordos do Pleno (creo que tampouco é unha cuestión moi difícil de levar a cabo)

Terceiro, creación dunha Comisión de seguimento de mocións de carácter trimestral para controlar o cumprimento e incumprimento dos acordos do Pleno. Esta Comisión, que estará formada por un representante designado por cada partido político do Pleno e polo secretario da Institución, deberá definir e aprobar un cronograma de cumprimento e incumprimento dos acordos.

Rematamos coa derradeira que é a creación dunha páxina web no portal de Transparencia da Deputación provincial na que se publicarán os acordos aprobados polo Pleno sinalando o grao de cumprimento ou incumprimento definido e aprobado pola Comisión de seguimento, así como a previsión de incidencias e resolucións no caso de habelas.

A moción é moi sinxela no seu contido, pero é unha moción de calado e que pretende poñer sobre o foco a obriga desta Deputación de cumprir os seu propios acordos. Nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Para empezar, simplemente como unha anécdota ao respecto desta moción, dicir que hai unha moción -supoñemos que será casualmente- na provincia de Granada, en Atarfe concretamente, presentada por Ciudadanos que é practicamente igual a esta ou vai na mesma dirección.

En todo caso, indo ao tema, para nós o debate é se valen para algo as mocións que se aproban ou no valen para nada; se o que facemos aquí mes tras mes é unha simple escenificación, ou realmente temos capacidade para defender de modo efectivo os intereses dos veciños e das veciñas. En definitiva, se as mocións que se aproban son de obrigado cumprimento ou teñen validez xurídica algunha. Porque da resposta destas preguntas,

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

dedúcense dúas consecuencias prácticas: marca que o Pleno teña algunha utilidade -que os cidadáns sintan que están representados-, ou simplemente que veñamos aquí, mes tras mes, a tomar acordos cuxa efectividade depende exclusivamente da vontade de quen goberna. Nós témolo claro, nós entendemos que as mocións sobre asuntos que son competencia exclusiva do Pleno son de obrigado cumprimento e no só porque dende o punto de vista do Ordenamento xurídico esteamos a falar dun dereito fundamental como, como logo explicarei, tamén somos plenamente conscientes que algunhas mocións, pola súa formulación, teñen un difícil encaixe á hora de efectivizarse cando menos no curto prazo. Cando falamos de instar realmente o que estamos é a pedirlle ao presidente que faga persoalmente xestións, non que se limite a dar traslados dos acordos sen máis. Cando non acoutamos prazos estamos dándolle á Presidencia unha certa discrecionalidade para a posta en marcha dos acordos; pero en ningún caso para que non se executen.

O artigo 23 de Constitución, esa que tanto consagran e que tanto lles gusta aplicar aos demais, di que *os cidadáns e cidadás teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal*. Aínda que é un dereito fundamental que debe ser desenvolto por Leis, non hai ningunha Lei ou sentenza que diga que as mocións presentadas polos Grupos en materia que son competencia, como digo, do Pleno non teñen eficacia ou valor xurídico. O que si di o Tribunal Constitucional reiteradamente é que a interpretación que hai que facer destes preceptos debe facerse en sentido amplo. O que non está prohibido expresamente, está permitido. As sucesivas reformas en materia de Administración Local en ningún caso din que as mocións non sexan de obrigado cumprimento. A normativa é clara, todo acordo do Pleno pon fin á vía administrativa e son executivos desde que se adoptan; polo que teríamos expedita a vía xudicial para reclamarlos.

Pero para nós o debate non debe ser un debate normativo, estamos a falar do talante do Grupo de goberno á hora de asumir que os acordos que se toman deben ser executivos. É dicir, estamos a falar de democracia con maiúsculas. Este Grupo de goberno, que ostenta maioría absoluta, ten demostrado ao longo deste mandato pouca ou nula cintura política; pois, non contentos con aplicar o *rodillo* desa maioría, aínda utilizan o regulamento no seu propio beneficio deturpando sistematicamente as iniciativas que os Grupos da oposición

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

presentan Pleno tras Pleno. Lembro que esta cuestión xa foi obxecto de denuncia deste Grupo a través de sucesivas propostas, a última, no Pleno de hai unha semana.

Polo tanto, o demais, dende o noso punto de vista son contos porque no hipotético caso de que hoxe aprobemos esta moción ¿que pasará se o Goberno provincial incumpre todas e cada unha das resolucións? ¿presentamos outra para que se cumpra esta? ¿acudimos en queixa á Valedora do Pobo para que lle dea un tirón de orellas e no seu informe anual apareza a Deputación de Ourense como incumpridora? ¿imos ao Contencioso para denunciar os sucesivos e sistemáticos incumprimentos que cada unha das mocións que se aproban e que non se executivizan?, é dicir, ¿levamos a política á esfera xudicial?

Non entendemos, indo aos acordos que se formulan na moción socialista, non entendemos moi ben que se pida a creación dunha Comisión de seguimento das mocións de carácter trimestral para controlar o cumprimento ou incumprimento dos acordos do Pleno, xa están as Comisións e o propio Pleno para iso sen necesidade de crear nada. O único que temos que facer os Grupos da oposición é facer o correspondente seguimento e demandar o seu cumprimento.

En resumo, o Grupo de goberno teno realmente doado. Teñen unha maioría absoluta que permite bloquear calquera iniciativa da oposición e, naquelas que lle poden resultar incómodas, teñen o Regulamento ao seu servizo; polo que non teñen a máis mínima escusa para executar os acordos que finalmente deciden aprobar. Iso tamén é transparencia señor presidente. En todo caso, nós vamos a votar a favor da moción máis polo que representa de fondo que polos acordos como digo. En canto á emenda que presenta o Partido Popular, na súa liña habitual, dicir que nós vamos optar pola abstención. Nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: Hola. Decir antes de nada que comentaba el compañero del Bloque que si la moción que trae el PSOE en muy parecida a una que presentó Ciudadanos por el Sur, creo que dijo; en cualquier caso decir que en este sentido Democracia Orensana es pionera, porque a pesar de ser un *partidño* como dice aquí el señor Plácido, que nos llama *partidño*, pues nosotros ya hicimos esta reivindicación hace muchos años, antes que esos partidos grandes nos dimos cuenta. En este sentido somos pioneros, como en otras tantas cosas. Lo de la democracia participativa en el año 2001, si usted mira en la hemeroteca, no creo que haya, antes del 2001, ningún partido que hablara de ese concepto, de democracia participativa, como hablábamos nosotros cuando

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

fundamos el partido en 2001. En cualquier caso, cuando nosotros entramos a gobernar por primera vez, en 2011, en el Concello de Orense, entramos un poco de ingenuos; entonces cuando empezamos a ver que las mociones que llevábamos al Pleno la gente las veía por televisión, le encantaban los Plenos y cuando al cabo de un rato nos enteramos que las mociones no se cumplían y nos enteramos que no eran vinculantes –no eran de obligado cumplimiento- nos quedamos realmente alucinados. Esto lo empezamos a trasladar a la opinión pública, entonces la gente me decía por la calle: *pero vamos a ver, si las mociones no son vinculantes, todo lo que hacéis en los Plenos es teatro, es puro teatro*. Yo le decía: *pues tal cual, efectivamente, es puro teatro*. Realmente es una tomadura de pelo. En este sentido, claro, queda el tema de lo que es el debate. Entonces le decía, más que nada más que teatro, es para que se vean los posicionamientos de los partidos y ver quién es quién. Hombre, desde un punto de vista de comunicación, ver quién es quién está bien, tiene su sentido y todo eso pero no deja de ser información de cara a las próximas elecciones. Si lo único para lo que sirve esto de aquí es para debatir para que el pueblo tenga información, es bueno que haya información, de hecho, nosotros defendemos eso obviamente; pero no deja de ser: comunicar de cara unas próximas elecciones para que el pueblo esté más informado, lo cual es bueno, pero al mismo tiempo estamos haciendo una especie de estafa democrática porque la gente cree aquí que esto es vinculante.

Decir que en el año 2015, en el segundo mandato que entramos nosotros, tomamos la determinación de que, ya que esto era un cachondeo, no votar; es decir, ya que son solamente debates, si las mociones no son vinculantes, son solo debates, no tiene sentido votar. Puedes anunciar el sentido del voto, pero no tienes por qué hacer la tontería de levantar la mano, llevar contabilidad y producir un rollo burocrático que no tiene sentido. Entonces decidimos que a lo mejor era bueno no votar. Durante un Pleno o dos nosotros no votamos ninguna moción, ni siquiera la que nosotros llevábamos. Nos absteníamos en todas porque ya que no son vinculantes ¿para qué vamos a votar? Al final lo que conseguimos hacer fue cambiar un poco el enfoque y decidir que realmente no podíamos hacer una farsa; con lo cual ahora las mociones que redacta Democracia Orensana en el Concello de Orense todas llevan el siguiente formato: pedir al alcalde, con lo cual ya estamos diciendo que votamos en la petición, pero que en ningún caso es de obligado cumplimiento. Con lo cual, aquí ya no engañamos a nadie.

Aquí la culpa quizá la tenga la prensa, porque la prensa durante muchos años hizo el

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

juego de que cuando una moción salía a votar a favor, la prensa salía diciendo: se votará esto y se hará esto. La prensa daba esa sensación, cuando realmente en la mociones hay que decir lo que es, simplemente se decidió en la votación votar que sí; que en ningún caso es vinculante nada. Entonces, yo creo que la prensa, muchas veces, es culpable de eso. En cualquier caso nosotros las mociones que llevamos al Concello de Orense, Democracia Orensana, es instar al alcalde y ahora los demás partidos hacen lo mismo, instar al alcalde, al grupo de gobierno, en el que se le pide eso, simplemente se le pide, él puede decir que sí que *despois farase ou non*.

Decir que en este caso me parece más grave aquí en la Diputación, que esta Administración no cumpla sus mociones porque están en mayoría, entonces ¡hombre! ya que estás en mayoría es totalmente distinto al Concello de Orense que estás en minoría. Allí, a veces, para llevar a cabo ciertos temas es difícil porque estás en minoría, necesitas pactar (que a él no le gusta pactar, al alcalde de Orense, porque piensa que gobierna en mayoría y no se da cuenta que necesita a los demás); pero aquí estando en mayoría no tiene sentido votar a favor de una cosa y no hacerla. ¡Claro! Es una forma de quedar bien que es lo que se busca de cara a la galería.

Decir que estamos a favor de la moción que presenta aquí el Partido Socialista y decir además que hay otro tema que es interesante, que es la moción que llevamos nosotros próximamente al Concello de Orense que no se admitan mociones exóticas, que no tienen nada que ver con la competencia municipal. ¿Esto qué es? Porque si no también estaríamos un poco, por un lado, haciendo el juego al revés. Es decir, aquí el PSOE y el Bloque traen aquí una moción que quieren que se cumpla lo que aquí se pide. ¡Vale! Pero después, muchas veces, traen mociones nacionales, o autonómicas, que non teñen nada que ver; con lo cual también estamos haciendo un poco el tonto, se contradicen porque si aquí estamos para que se cumplan las cosas ¿de qué sirve tomar acuerdos sobre algo que no es nuestra competencia?. Ahí el PSOE y el Bloque se están contradiciendo porque muchas veces traen mociones del Concello de Orense, ni de la provincia de Orense con lo cual es aquí un poco el tema del absurdo. Nada más en la primera intervención

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Señor Fraga Civeira quede claro, e que ninguén do dubide, que o Grupo Popular –ao que represento- e o goberno desta Deputación gardan o máis absoluto respecto, como non podería ser doutro xeito, polos acordos que adopta esta Corporación provincial. Tamén

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

teñan en conta que a credibilidade, a confianza e máis a imaxe desta Institución non só pode medirse, e digo non só, en termo de cumprimento das propostas que vostedes como oposición traen a este Pleno, como iniciativas ou como fórmulas de control á actividade de goberno; nin tan sequera, e digo nin tan sequera, das que nós mesmos presentamos.

Avaliar a acción de goberno tomando só como medida a presentación de mocións, desvirtúa por completo calquera xestión pública que se somete ao exame cidadá no día a día, no funcionamento dos seus servizos, na execución dos seus programas e, como non, como non, na resposta ás cambiantes necesidades da sociedade. Por iso, non podo máis que rexeitar afirmacións como as que fan nesta moción falando de grave ataque á confianza desta Deputación (linguaxe radical, non se contaxie vostede señor Fraga Civeira).

No que levamos de ano, esta Corporación aprobou unha trintena de mocións que demostran que todos os grupos políticos que aquí estamos representados cumprimos coa parte de responsabilidade que nos outorgaron os cidadáns. Ás veces saíndo ao paso de situacións puntuais como as consecuencias da seca, do pedrazo ou a lacra dos lumes; noutras, na defensa dos servizos nos concellos desta provincia, como no tema do servizo de Correos, Abanca, as comunicacións por ferrocarril, mesmo a sanidade ou o acceso a internet. Noutras amosando o compromiso desta Deputación coa vixencia do cumprimento de proxectos básicos para o desenvolvemento da provincia como o AVE. Indo máis aló, ao facer chamadas ao Goberno Central para que afronte a reforma do financiamento local, ou permita dispoñer aos concellos dos seus superávit ou remanentes de Tesouraría que aquí se apuntou non fai moitos minutos.

Moitos de vostede, que coma a min son alcaldes, deberían ser conscientes das dificultades cos que moitas veces nos atopamos para dar cumprimento ás propostas presentadas en Pleno e, moito máis, nos *concellións* señor Pérez Jácome. Informes técnicos, xurídicos, burocracia, tramitacións....Se hai vontade de aprobalas é que hai vontade de cumprilas, pero ás veces atopámonos (demasiadas veces diría eu) con máis obstáculos dos que quixéramos.

En todo caso, díganme unha cousa señores da oposición, ¿poderían asegurarme que alí onde gobernan, tanto na provincia como no resto de Galicia, cumpriron vostede co 100% das mocións presentadas por outros Grupos? Estou seguro que non e non por elo

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

cuestionamos a outras Deputacións nin aos Concellos. Nós estaremos en desacordo coa súa acción de goberno, pero nunca –e digo nunca- contra á Institución.

Quizá non sexa o grado de incumprimento o criterio único a seguir, senón valorar tamén, valorar tamén, as reais posibilidades que teñen as propostas de levarse a cabo, ou se esta Institución ten competencias para realizalas e, sobre todo, recursos suficiente. Polo tanto, señor Fraga Civeira, tranquilidade, tranquilidade. Aínda queda mandato antes de chegar ás próximas eleccións locais, polo que tamén queda tempo para ir dando pasos necesarios que permitan cumprir eses acordos aos que a algúns referiuse vostede.

Para que a cidadanía vexa e comprobe as verdadeiras intencións deste Grupo Provincial de cumprir coas obrigas que contrae, nós tamén queremos dar pasos adiante e imos facelo presentando unha emenda de substitución á súa moción que a pediría que a viran en sentido positivo e non como algo para entorpecer ningunha proposta. Unha proposta, por certo, á súa moción porque, señores da oposición, así como vostedes teñen toda a lexitimidade para presentar as súas iniciativas; nós, non deben esquecelo, temos a nosa para adaptalas ao noso programa de goberno. Nese programa saben vostedes perfectamente (aínda que as veces lle serve de chiste, outras de crítica, depende como sopra o vento) digo que saben perfectamente que a transparencia xoga un papel fundamental no noso labor de goberno e os datos e o recoñecemento están aí.

Por iso, en aras de simplificar ese control no cumprimento das propostas aquí presentadas e aprobadas polo Pleno, o nos Grupo rexeita claramente a creación de máis Comisións e aposta só por crear un espazo web que permita garantir o acceso das persoas á información completa sobre as mocións aprobadas nas sesións Plenarias desta Deputación, permitindo o seu seguimento e o seu grao de cumprimento. Nese sentido a nosa emenda de substitución, breve, pero moi concreta propón literalmente o seguinte acordo:

Para garantir a máxima transparencia e información, habilitar un espazo na web desta Deputación para que calquera cidadán, e digo calquera cidadán, poida seguir en tempo real o cumprimento das mocións aprobadas nas sesións Plenarias.

De momento, nada máis. moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas de novo señor presidente. Señor Álvarez Dobaño, señor Álvarez Dobaño, estaba esperando porque lle quero dicir, de entrada, que está vostede falando basicamente cun home

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

tranquilo, é difícil que eu me altere ante calquera cousa; polo tanto este tema está tratado con absoluta tranquilidade.

Vimos aquí a este órgano, a este Pleno, ao que están reservados as decisións, o debate e aprobación das decisións máis importantes, conscientes da nosa función de oposición; pero facemos unha oposición, como xa se ten dito máis veces, tanto nós como o resto dos Grupos que se ve nas mocións que están presentadas ao largo deste mandato na súa maior parte construtivas.

Somos polo tanto -vostedes na función de goberno, nós da oposición- representantes todos da cidadanía. Traemos aquí propostas, debatémolas, escenificámolas como se este fose un teatro -xa se ten dito aquí hoxe mesmo-, escenificamos ese debate ideolóxico sobre a *res pública* que nos é propia, sobre a cousa pública que nos afecta. Procuramos facelo cada quen o mellor posible, lucirnos máis ou menos, atinaremos máis ou menos coa intención de trasladarlle á opinión pública os nosos puntos de vista. Basicamente queremos colocar mensaxes a esa cidadanía a través dos medios de comunicación que, como moito, este debate recollen unha ou dúas frases de cada un. Traemos aquí mocións, basicamente de dous tipos, algunhas que son competencia desta Deputación, polo tanto que lle obriga a un facer, a un executar; e outras nas que se insta a outras Administracións que eu, pese ao que se diga, entendo que son necesarias tamén porque as outras Administracións adoptan decisións ou ás veces adoptan solucións, ou non as adoptan, que nos afectan a todos, que lle afectan a esta provincia. Aí está a necesidade de que nós lle fagamos facer, tanto ao Estado como á Administración Autonómica, as nosas necesidades e as nosas propostas e as nosas queixas. Polo tanto, son necesarias tamén esas mocións nas que nós instamos a outras Administracións a aquilo que nos afecta e aquilo que nos é propio. Dixen antes, na súa maior parte son construtivas.

Pero, a parte de debater, levantamos a man e votamos. Adoptamos acordos. Eu refírome a iso, aos acordos que adoptamos e á súa necesidade de cumprimento. Tomamos acordos que, como xa ben foi aludido aquí, despois hai que executar, uns máis sinxelos que outros de executar. Se non os executamos, se non os executamos, non seremos cribles. Non ser cribles politicamente é unha eiva para a política porque a cidadanía deixa de crer en nós, nos que somos os seus representantes e iso é perigoso sempre; pero moito máis hoxe en día nos tempos nos que o populismo e a postverdade cabalgan ceibos.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Somos conscientes, tamén, da dificultade de moitas delas para implementarse, pero para iso é para o que propoñemos esa Comisión, para que se nos dea traslado das dificultades que hai de implementar esas propostas que entendemos que non é necesario traelas a un Pleno, pero si nunha Comisión. A mesma Comisión de Transparencia, xa constituída, pode tratar estes temas dentro dela.

Remato aclarando unha cousa, ou lendo, ito si o vou ler. *Se as iniciativas que traemos aquí e se aproben non valen para nada, vimos aquí a perder o tempo, vimos aquí a perder o tempo e eu, diante das cámaras de televisión, quero lanzarlle unha mensaxe aos ourensáns. Cada sesión Plenaria, señores, custa cerca de 6.000€ de diñeiro público, se os acordos se toman aquí todos, os que acabo de enumerar, e máis, non se respectan non convoquen sesións Plenarias, non valen para nada. Sigo lendo, pero ¿a qué estamos aquí? Estamos a debater, a chegar a acordos, e cando se aproban as mocións e iniciativas a executalas e non para dicir que non aos intereses xerais dos veciños, porque cando se aproban por unanimidade, cando se aproban por maioría as iniciativas será por intereses dos veciños e para os veciños, pero vostedes omítena.* Podería seguir porque eu fago miñas estas palabras, menos na parte populista que conteñen, non me verán a min falar do que custan os representantes políticos nunha Administración porque son necesarios e son imprescindibles, fago miñas estas palabras que son so señor Rosendo Fernández, non hai moito, cando era concelleiro no Pleno de Ourense porque levou unha moción que reza o seguinte: *moción do Grupo municipal do Partido Popular interesando que o goberno municipal respecte e acate os acordos Plenarios e abandone as súas prácticas antidemocráticas de non asumir o ditado das maioría dos municipios.* Leo isto, que non tiña pensado lelo, para dicirlle ao señor Rodríguez do BNG que non fomos a Atarfe a buscar inspiración desta moción; senón que a atopamos moito máis cerca, atopámolo a uns metros de aquí.

Remato, falamos de transparencia, de rendición de contas, de bo goberno e de credibilidade. É para isto, para acadar isto. Son os mecanismos que nós propoñemos nesta moción. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi brevemente, simplemente para facer unha puntualización, ou aclarar, ou a volver a reiterar cal é a nosa visión ao respecto do que dicía o portavoz de de Democracia

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Ourensana (e tamén xa fixo referencia na súa segunda intervención o portavoz do Partido Socialista), nós coincidimos. Hai dous tipos de mocións; hai mocións onde nós debatemos e tomamos acordos sobre asuntos que son competencia deste Pleno e sobre asuntos nos que se poden tomar decisións executivas, por dicilo dalgunha maneira, e despois hai outro tipo de mocións, onde hoxe vamos ter varios exemplos nos puntos da orde o día que faltan, onde nós instamos a outras administracións a tomar acordos ou a facer tomar decisións. Nós entendemos que os dous tipos de moción se deben tratar neste Plenario, tanto unhas como outras, porque ao fin e ao cabo -como tamén dixo o portavoz do Grupo Socialista- son problemas, sexan competencia ou non desta Casa, que afectan aos veciños e veciñas da provincia de Ourense e entendemos que este é un órgano de representación provincial pois debe tamén debater ese tipo de asuntos aínda que ao final non teña competencias executivas e teña que instar a outras Administración a tomar e executar acordos. Pero non deixa de ser, ao fin e ao cabo, este Plenario tamén un foro de debate e un foro de expresión desas inquietudes dos veciños e veciñas de Ourense sobre problemas que lle afectan, independentemente de que ao mellor, ao final, non teñamos competencias executivas sobre un punto en concreto e, efectivamente, teñamos que instar a outras Administracións. Nós, dende logo, non vamos a renunciar a ese tipo de debates e non vamos a renunciar a seguir presentando ese tipo de iniciativas porque tamén cremos que son competencia nosa como deputados e deputadas que representamos aos cidadáns da provincia de Ourense. Nada máis.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:

vamos a ver, la enmienda del Partido Popular parece una broma. Le estamos diciendo aquí que las mociones tienen que ser de obligado cumplimiento y dice: *lo que vamos a hacer es implementar una herramienta web para que la gente vea cual es el grado de cumplimiento.* ¡Parece realmente una broma!, ¡parece realmente una broma!. Oye, tienes obligación de arreglarme el coche. No. Voy a poner una cámara para que tú veas cómo va evolucionando el coche, pero yo no me comprometo a arreglártelo. Es el mismo *rollo*.

Fijaos las paranoias que anda haciendo aquí este hombre que está repartiendo por los bares de Orense, por los bares de Orense, un cuadríptico, un cuadríptico, en el que pone: *vén e coñece a túa Deputación* (por los bares de Orense, lo va dejando por allí, la gente alucina cuando ve en la barra esta historia) *Día de portas abertas, 25 de novembro de 2017. Horario*

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

de 10 a 14 horas, sábado. Deputación de Ourense. Fijaos cómo este tipo. ¿Qué pensará que es la Diputación? *Ven, xornada de portas abertas, día de portas abertas.* Traerá aquí a tres amigos, sacará una foto y dirá: *soy innovador, soy la primera Diputación de España que hace día de portas abertas; con lo cual soy la persona que más se acerca a los ciudadanos.* Es lo que debe de estar en la cabeza de este hombre. ¡Dios mío!

No aceptamos la enmienda del PP porque es una tomadura de pelo. Respecto a la del PSOE, yo quisiera preguntarle una cosa al Partido Socialista; vamos a ver, el Partido Socialista que está bajo un partido, que non é un *partidiño* como o noso ¿verdade Plácido? (a ti te falta un concejal para tener el pleno allí, ¿no?, pues si en las próximas vas con Democracia Orensana consigues todos. Igual conseguimos a alguien por el Partido Judicial de allí y arrasamos), pues mira resulta que el Partido Socialista trae aquí hoy esta moción, pero resulta que en el año 2013 se aprobó una moción en el Concello de Orense para que los funcionarios ficharan y el Partido Socialista votó a favor (el Partido Socialista gobernaba), creo que también votó a favor el PP y Democracia Orensana. Oye, estuvieron dos años más en el gobierno y no la llevaron a cabo. Como esas, diez más. Entonces, hombre, que traiga ahora aquí el Partido Socialista una moción diciendo que tiene que ser de obligado cumplimiento lo que ellos, cuando gobiernan, no cumplen, ¡hay que también tener jeta! ¡hay que tener morro!

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Pois ao fío do que di o señor Pérez Jácome, evidentemente o señor don Rosendo Fernández si presentou, en nome do Grupo Popular no Concello, no seu día unha moción para que se dera cumprimento aos acordos que se adoptaban. Evidentemente o éxito foi nulo totalmente; entón, o que digo eu, dependendo da bancada na que estás a linguaxe é distinta.

O que lle dicía eu, señor Fraga Civeira, a tranquilidade non me refería a súa tranquilidade persoal, eu aquí falo a nivel político, xa sei que vostede é un home tranquilo; non eu así que son de sangue quente, xa me gustaría ser un pouco máis tranquilo. Quero dicir que me refería á tranquilidade nos tempos políticos, vostede sabe que hasta xuño do ano 19 queda moitísimo tempo, a saber o que pasa, no seu partido -que están nela- e no meu. A tranquilidade que eu lle pedía era nese sentido e enténdamo así.

Cinguíndome á orde do día vou a ser moi breve, pero a verdade considero que debo aclarar, ou en certo modo ampliar, a nosa posición ao respecto deste asunto. Deberían ter

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

presente, e dígo con todo o respecto aos Grupos da oposición, que o que se nos propón polo Grupo Socialista non está regulado así en ningures –remítome ao Congreso dos Deputados, ao Senado, ao Parlamento de Galicia-, porque recoñezan vostedes que estaríamos falando de quitarlles a vostedes, precisamente aos Grupos da oposición, unha das súas principais obrigas: facer ese papel de control e seguimento do labor do Goberno para denunciálo, de ser o caso nus casos ou noutros, valga a redundancia.

Polo contrario, e a pesares que o señor Pérez Jácome non o entende, a nosa emenda é máis ambiciosa sen ningunha dúbida, pois calquera cidadán, e digo calquera cidadán, poderá ver o seguimento do cumprimento das mocións a través dunha web e non nunha Comisión creada ao respecto nesta casa. Por certo, é unha medida xa prevista, e quede claro isto, é unha medida xa prevista no apartado de rendición de contas que incorporará o portal da transparencia desta Deputación -de novo recórdolles, de novo recórdolles- pioneira en España dada a súa condición de goberno provincial máis transparente da Nación. Non o esquezan. Moitas grazas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: moitas grazas. Moi breve porque xa case todo está debatido, simplemente para fixar unhas cousas e aclarar outras. Señor Álvarez Dobaño, non lle podemos aceptar a súa emenda, a emenda do seu Grupo, porque é o mesmo que nós poñemos na cuarta, ou similar na cuarta, a creación dunha páxina web no portal de transparencia da Deputación na que se publicarán os acordos aprobados, etc, etc.. Coincide coa súa, pero vamos un pouco máis alá. Sorpréndeme vostede ao dicir que non está contemplado, é dicir, ¿cantas veces nos gabamos aquí, nesta Administración, de ser os primeiros? ¡Sexamos os primeiros tamén! Unha emisión dun informe de seguimento non vai quitarnos para nada a nós a función que temos atribuída de control e fiscalización do que vostedes fan. Algo moi sinxelo, como xa lle dixen antes, para que máis debate, para que máis *rollo*; falamos –como xa dixen- de transparencia, falamos de rendición de contas, falamos de bo goberno e falamos de credibilidade. Algo tan sinxelo. Isto é a proba do algodón, seguilo (o que aquí acordamos), publicalo e dalo a coñecer.

A Comisión ¿para que? Precisamente porque ás veces (eu fun alcalde, vostede éo) sabe que moitas veces os acordos adoptados cando hai que levalos a outro lado se topan con atrancos e problemas. A Comisión que propoñemos está pensada para iso. Válenos a de

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Transparencia. Pero a súa emenda non lla podemos aceptar porque se queda curta con respecto ao que nós propoñemos.

Ao señor Jácome que me preguntaba por que no Concello fan unha cousa...non perda vostede a oportunidade de presentalo alí no Concello, sempre hai unha segunda oportunidade na vida, entón pode que agora llo aproben e que llo leven adiante. Nós neste caso, a miña obriga aquí como portavoz deste Grupo é propoñer aquí cuestións e, neste caso, é moi clara que se dea cumprimento aos acordos que este órgano adapta. Nada máis

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Para garantir a máxima transparencia e información, habilitar un espazo na Web da Deputación, para que calquera cidadán poida seguir en tempo real o cumprimento das mocións aprobadas nas sesións plenarias.

9º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O 25 DE NOVIEMBRE.-

O Sr. presidente anuncia que tal e como se acordou na Xunta de Portavoces o debate deste punto terá lugar conxuntamente co do punto seguinte, aínda que se votarán por separado. A continuación cédelle a palabra ao BNG.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Visibilizar e erradicar a violencia machista en todas as súas formas e en todos os ámbitos é un dos retos máis importantes que temos como sociedade de cara ao futuro. Por iso, o feminismo e as política feministas son ferramentas fundamentais coas que debemos traballar sen dar nada por conseguido en canto se sega exercitando a violencia contra as mulleres polo mero feito de ser mulleres.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017

Noa últimos tempos, fomos avanzando na visibilización dalgunhas violencias conta as mulleres grazas ao traballo mobilizador e concienciador dos diferentes movementos de mulleres, porén non é suficientes, temos que seguir avanzando na rúa e nas Institucións e non podemos caer na falsa imaxe de porque sexa máis visible do que anos atrás, ou haxa un marco legal máis amplo é suficiente. Ademais, é clave visibilizar todo tipo de violencias, dende a máis extrema, que pon en perigo a saúde mental e física, ate outro tipo de violencias como a presión estética, a obstétrica, os tratos inadecuados no marco da sanidade, a violencia económica que sofren as mulleres neste contexto de emerxencia social ocupando as peores taxas de desemprego e precarización, padecendo a desigualdade salarial e ocupando a maioría de traballos non asalariados consecuencia das situacións de dependencia familiar e da falta de recursos públicos. Para todas estas cuestións, as Institucións poden e deben axudar a responder e paliar as súas consecuencias.

Queda moito por facer e a loita contra a violencia machista debe ser unha prioridade para todos os espazos de actividade política e social. Por iso, tendo sido importantes a Lei orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero; despois de anos de aplicación son insuficientes e en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos. Por iso, compre avanzar e mellorar os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Indo á moción en concreto, na exposición de motivos faise un percorrido ao que ten sido, nos últimos anos, a violencia de xénero no noso País. Falamos de que se teñen rexistrado 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre o 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano de rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas, das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella; cifra que levou ao noso País a encabezar, este terrible ano, a taxa de feminicidios no Estado español, aínda sen ter en conta as vítimas crianzas das cinco asasinatos no Estado, dous foron en Galicia. Do global destes datos analizados, máis do 60% se produciron no ámbito íntimo o que dá unha dimensión da importancia deste, pero tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella pois estaríamos a deixar fora moitas máis casuísticas e tamén debe ser obxecto das políticas de prevención e erradicación.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Se vamos ás propostas de acordo, nós formulamos na nosa moción que este Pleno adopte os seguintes acordos:

En primeiro lugar, instar á Xunta e Galicia a avanzar na concreción do Pacto Galego contra a Violencia Machista, acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento galego o 25 de xaneiro de 2017, así como destinar o 1% do orzamento para o 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercida contra ás mulleres, con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e das súas crianzas, á mellora dos recursos e medios xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais e acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

En segundo lugar, instar á Xunta de Galicia a cumprir e a avaliar o grado de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

En terceiro lugar, comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que se desenvolvan, ou que desenvolvan, as asociacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

De momento nada máis. moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista: moi bos días a todos e todas. A discriminación baseada no xénero exerce, dende hai miles de anos, unha sorte de opresións sobre as mulleres que derivou no que chamamos patriarcado, que xerou múltiples formas de violencia machista que teñen, entre a peor consecuencia, o asasinato das mulleres.

Dende que hai datos oficiais, foron asasinadas máis de 800 mulleres no Estado español. Se o poñemos en perspectiva, isto significa que esta violencia machista leva causadas máis vítimas mortais que o terrorismo etarra. A ningunha entidade, social ou política, que queira ser considerada como democrática, se lle ocorrería denominar o conflito de seu no País

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Vasco como un problema doméstico. No eido da violencia machista, máis da metade da poboación leva aturado que se califique á violencia que nos oprime como unha cuestión singular, obxectiva, particular, familiar e ata mesmo excepcional.

No que vai de ano no Estado, foron asasinadas 50 mulleres. Foron asasinados 7 nenos en man dos seus pais, parellas ou ex parellas das súas nais, polo simple feito de facer dano ás mulleres. Nesta provincia, atopámonos que en días pasados as forzas de seguridade emitiron un informe no cal di que *se triplicaron este ano os delitos de liberdade e intimidación sexual*. Os dereitos das mulleres son dereitos humanos e canto antes asumamos esa premisa, antes atoparemos os medios para erradicar todo tipo de violencia que atenta conta ás súas vidas e contra a súa liberdade persoal, social, xurídica, física e tamén á liberdade económica.

O clamor social que provoca esta lacra traducíuse, hai un par de meses, na aprobación e posta en marcha do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero; primeiro paso de consideración das violencias machistas como unha cuestión prioritaria para a política estatal. Este Pacto non vai a ter moito percorrido se non somos quen de asumir a parte de implicación que nos toca a cada quen. Por iso nace cunha vontade explícita de que sexa un Pacto entre todos os niveis da Administración do Estado. Non e menor que, a través de todas estas Institucións se persiga o fin de vencellar a todos os partidos e organizacións políticas, aos poderes do Estado e a toda a sociedade civil nun compromiso firme en prol dunha política sostida para a erradicación de toda as violencias machistas.

Por isto, o Partido Socialista considera que debemos ser máis ambiciosos e ir máis aló de subscribir este Pacto e implemetar as súas medidas. Estamos perante dunha oportunidade histórica para derrubar muros que aínda hoxe invisibilizan as violencias machista e , nalgúns casos, son consideradas do ámbito privado. É hora de socializar este tipo de violencia caracterizándoa como un conflito político, social, cultural e simbólico. É preciso un compromiso colectivo por parte de todas as Administracións públicas ourensáns e as organizacións sociais e económicas, culturais e académicas da nosa provincia con respecto ás vítimas de violencia de xénero ao tempo que lancemos unha mensaxe inequívoca de confrontación cos agresores e a violencia que exercen.

No tocante ás nosas competencias como Institución provincial temos moito que dicir á hora de asistir especialmente a quen menos pode en termos de recursos, pór en marcha liñas de actuación estratéxicas para a erradicación das violencias machistas e actuar e estar máis preto

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

da cidadanía e das entidades socias que actúan no ámbito diario, especialmente dos concellos de menos de 20.000 habitantes que, como todos saben, no caso da provincia de Ourense son todos menos o da capitalidade. Todos e todas somos conscientes das dificultades de visibilizar a loita contra esta violencia estrutural nas contornas rurais e dispersos, por iso deberíamos pór máis fincapé no deber do que nos é propio como Deputación e ofrecer asistencia ás Administracións que máis poden achegar para que a nosa provincia sexa un territorio libre de violencia machista e que se prime a xustiza e a equidade. É polo que traemos a este Pleno as seguintes propostas de acordo:

1º. Subscribir de xeito inmediato o Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que foi impulsado polo Congreso dos e das Deputadas no pasado mes de setembro e expresar o noso compromiso firme para traballar na súa implantación e cumprimento.

2º. Adherirnos ás achegas ao Pacto de Estado do relatorio subscrito por unanimidade pola totalidade dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia, así como sumarnos á posta en marcha do pacto galego.

3º. Desenvolver un pacto provincial contra as violencias machistas co obxectivo de pór en marcha medidas que tendan a reducir o número de vítimas así como previr e sensibilizar sobre as situacións de violencia de xénero en todo o noso territorio. Este pacto debe contemplar todas as liñas de actuación estratéxicas así como definir o papel asistencial da Deputación no tocante aos concellos de menos de 20.000 habitantes no eido da igualdade.

4º. Constituír e dotar orzamentariamente un Consello provincial da muller que fomente a participación e o traballo en rede en todas as comarcas de Ourense das entidades locais e sociais vinculadas coa loita contra a violencia de xénero, así como representación das institucións académicas para pór en marcha accións igualitarias en toda a provincia.

Como ben ven, son propostas moi concretas e facilmente asumibles. No tocante ao que se nos pode dicir se son competencias ou non desta Deputación, si ten competencias ou non neste tema, dicir que a coordinación entre os Concellos, a asistencia aos Concellos desta entidade, si que é o fin principal desta Deputación. Moitas grazas.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana: ola, bo día de novo. A problemática da violencia exercida contra as mulleres empeza, afortunadamente, a ser coñecida. Levamos unhas décadas, en relación con todo o que foi a historia da humanidade, máis ou menos dende os anos 70, dende que se iniciou o movemento *Women's Lib* en Estados Unidos ata hoxe, son poucas décadas aínda para eliminar as bases antropolóxicas de milleiros de anos. Porque a verdade é que a sociedade humana, salvo algunhas excepcións nalgunhas culturas do mundo, sempre foi antropolóxicamente centrada no home e non na muller.

Nós pensamos que a violencia contra a muller está por todas partes e por iso non se ve. Poderíamos poñer un exemplo, hai determinadas cidades que ao mellor están asentadas cerca dalgunha fonte de mal olor. Hai cidades que, ao mellor, viven cerca dunha fábrica que emana mal olor, a xente que vive nesas cidades xa non percibe o mal olor porque está por todas partes. O aire non o vemos porque está por todas partes. Cando gobernaba Stalin na Unión Soviética ninguén vía o retrato de Stalin porque estaba por todas partes, xa non se veía. E iso é o que pasa tamén con moitísimos aspectos diso que tamén se chaman, ultimamente, os *micromachismos*. A violencia contra as mulleres está enraizada nas propias estruturas sociais, xa dicían antes que ten mesmo bases antropolóxicas na maioría das culturas do mundo.

As violencias concretas, cando un home lle bate a súa muller, cando un home mata á súa muller, iso son como as chispas que saltan, que poñen de manifesto algo que sempre está aí. Son como síntomas, como cando no mar faise un *remolino* e entón o peixe ten conciencia da existencia da auga, pero habitualmente os peixes non se dan conta de que existe a auga por que viven nela. Soamente, ante determinados casos, nos que digamos se materializa o subconsciente colectivo, en determinadas persoas, nos agresores. Pero xa digo, a discriminación das mulleres está no propio marco estrutural, social, e por iso é tan difícil de ver porque estamos inmersos nel. Pensamos sinxelamente que o mundo é así e as mulleres son as que teñen que, ao mellor nun caso violación, ter a carga de proba, ter que demostrar etc, etc... Pouco a pouco iso vai cambiando. Somos conscientes de toda esa problemática.

O suposto proceso de igualdade da muller consistiu, nas últimas décadas, nunha masculinización da muller. A igualdade máis ou menos converteuse facendo que o home quedase como está, no seu rol tradicional e que a muller se aproximase, sen abandonar o seus roles tradicionais, ter que aproximarse a unha masculinización no seu sentido tradicional; en vez de o home feminizase as súas posturas e as mulleres masculinizasen as súas, sempre no

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

senso tradicional das palabras loxicamente, ata encontra un punto medio. O que pasou foi que as mulleres tiveron que masculinizarse e os homes quedaron cos, digamos, privilexios sociais que tiñan. Cando un home di que *axuda á muller na casa*, o feito de dicir que axuda, implicitamente, está no subconsciente dicindo que non é a súa misión fregar os pratos, porque senón non diría que axuda, porque non é a muller a que o axuda el, etc...

Como isto é suficientemente coñecido vou a ir xa directamente ao que son as mocións. Como digo, coñecemos a problemática, coñecemos a base social, a base antropolóxica, coñecemos que para cambiar isto as competencias irían moito máis alá da Deputación. A base cultural sería medidas a tomar dende o Estado porque dicía un escritor: *detrás de cada home, camiñan cen pantasma*s. As pantasma dos seus antepasados e detrás de cada sociedade tamén camiñan as pantasma doutras sociedades que tamén deixaron a súa impronta nas Leis, nos códigos sociais, etc..Isto é difícil de cambiar. Xa mesmo dende o Estado é difícil de cambiar. Pero si que coincidimos co PSOE en que todas as Administracións, no ámbito das súas competencias, deberían chegar o seu gran de arena para cambiar este aspecto da cultura, no sentido amplo da palabra, neste caso un aspecto negativo da cultura occidental e de moitas outras.

Indo ao tema, e coñecido o problema, tamén somos conscientes de que estamos onde estamos, na Deputación, e que a Deputación ten as competencias que ten e dispón das ferramentas de que dispón, da burocracia, das normativas das que dispón. Nese sentido, parécenos moito máis acaída, moito máis pragmática e moito máis realista a proposta do Partido Socialista que a do Bloque Nacionalista que, si, vamos a dicir que é ben intencionada pero nas súas propostas ímonos abster porque as nosas posturas ao respecto de certas cousas son coñecidas. Instar á Xunta de Galicia para algo que é un problema xeral e non concreto da provincia de Ourense, seguindo as nosas pautas, absterémonos. O feito de que a Deputación teña que cooperar con organizacións feministas, por sistema, sen saber se esas organizacións representan realmente algo ou se son a instrumentalización de partidos, ou se son grupos de amigos que se xuntaron, tamén é ariscado. Entón, na moción do Bloque ímonos abster, dende logo, non vamos a votar en contra nin moito menos porque compartimos o fondo da cuestión e compartimos a inquietude no problema.

Na do PSOE vamos a votar a favor porque, efectivamente, vai un ámbito máis práctico do ámbito das competencias da Deputación e ademais referido á provincia de Ourense:

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

subscribir o Pacto de Estado, que a Deputación se adhira ao Pacto de Estado, desenvolver un pacto provincial consciente das limitacións da Institución, un pacto provincial, e constituír e dotar orzamentariamente un Consello provincial da muller, tamén fala no ámbito provincial. Ou sexa que, como a proposta do Partido Socialista é máis realista, vai máis ala desas boas intencións, que moitas veces son as pedras do inferno, a nosa postura é, resumindo esta. Compartimos amplamente o coñecemento da problemática, aportar o nos gran de area a solucionar a problemática, conscientes de que non se vai solucionar no ámbito da nosa vida, é un problema que posiblemente se resolva en dúas ou tres xeracións, se se resolve. Dentro das nosas competencias votaremos a favor da moción do PSOE porque nos parece pragmática e realista. Grazas.

D.^a María Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo do Partido Popular: grazas presidente. Bos días a todas e a todos. En primeiro lugar quero dicir que nós imos a votar a favor das dúas mocións, tanto na presentada polo Partido Socialista, como pola achegada polo BNG.

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero é un tema que nos atinxe a todos e a todas, tanto politicamente, como individualmente como membros dunha sociedade e, polo tanto, é un tema que nos debe unir. Que nos debe unir para sumar ideas, para dar unha resposta conxunta, para buscar solucións entre todas e todos. Vela aí a unanimidade acadada no Congreso dos e das Deputados e Deputadas co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e vela aí tamén o consenso acadado no Parlamento de Galicia para as achegas dos catro Grupos políticos ao dito Pacto de Estado. É por iso que imos a votar a favor das dúas mocións, para axuntar esforzos, para sumar ideas.

Con respecto á moción do Partido Socialista, asumímola en toda a súa totalidade e dicir que respecto á proposta de acordo número 3 xa nos posicionamos a favor no Pleno do debate do estado da provincia, do 16 de novembro, e que fai referencia en materia de igualdade ao desenvolvemento dun pacto provincial contra as violencias machistas, co obxectivo de pór en marcha medidas que tendan reducir o número de vítimas; así como o de previr e sensibilizar sobre situacións de violencia de xénero en todo o noso territorio.

Con respecto ás achegas do BNG, dicir que son igualmente positivas, que o Grupo Popular tamén as apoia e algunhas xa se están levando a cabo, como por exemplo, a avaliación de normativa en igualdade xa foi incluída dende principios de ano no plan de

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

traballo aprobado na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres do Parlamento de Galicia e aprobado por todos os Grupos políticos e que di textualmente: *a Comisión procederá a adoptar, como novo obxecto de estudo, o da avaliación da aplicación do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido da disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e, en consecuencia, procederá a aprobar unha modificación do plan de traballo para incorporar as solicitudes de documentación e as propostas de comparecencia axeitadas a ese novo obxecto de estudo.*

Con respecto a que a Corporación apoie as mobilizacións locais e nacionais, dicir que xa se fai. A Deputación sempre está, mediante os seus representantes e as súas representantes, apoiando todo tipo de mobilizacións cando se trata de violencia machista, como non podería ser doutro xeito.

Todos os esforzos son necesarios cando se trata de erradicar esta lacra que é para a sociedade a violencia de xénero. En este sentido, grazas polas achegas, tanto do BNG como do Partido Socialista, que fan máis enriquecedora, se cabe, a nosa acción de goberno. Moitas grazas a todas e a todos.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Falaba o portavoz de Democracia Orensana que non se resolverá este tema a moi curto prazo, falaba de dúas, tres xeracións. Os datos dinnos que non pinta moi ben, nin tampouco no prazo de dúas, tres xeracións porque que, un de cada catro mozos, de entre 15 e 19 anos, vexa normal que haxa violencia machista nas parellas é desacougante. Isto é o que contestaron o 27,4% dos 1.200 enquisados no barómetro 2017 da Fundación da Asociación de Axuda contra a Drogadicción.

Aínda que a sensibilización fronte a violencia machista medrou entre os mozos, un 87% considera que é un problema social grave, 1 de cada 5 está moi ou bastante de acordo con que a violencia machista é un tema politizado que se esaxera moito. Estes datos corroboran outros traballos que xa advertiran sobre a pervivencia e ata o repunte dalgúns comportamentos machistas entre os mozos. A macro enquisa do 2015 sobre violencia machista constata que as mulleres novas, de entre 16 e 25 anos, sofren violencia psicolóxica de control por parte das súas parellas en maior proporción que as mulleres de resto de franxas de idade. O control é unha das primeiras manifestacións dun comportamento que pode derivar

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

en violencia. No segundo trimestre do ano, presentáronse no estado Español máis de 42.000 denuncias por este motivo. Dos 38 casos que figuran no rexistro oficial de mulleres asasinadas no que levamos de ano, sete eran mozos de 30 anos e tamén eran novos cinco dos agresores. O Pacto de Estado, recentemente subscrito polas forzas políticas, fai un especial énfase nas medidas educativas e de prevención. Estes datos amosan que hai moito traballo por facer para erradicar uns patróns culturais que moitos mozos reproducen sen cuestionar a súa orixe e consecuencias.

A loita contra a violencia machista é unha loita de toda a sociedade e nesta loita non valen ambigüidades. Os medios de comunicación seguen utilizando con reiteración, sexa nos titulares ou na redacción de noticias, os conceptos de *crime paixonal*, cando teñen que informar sobre un feminicidio. Este xeito de expresar o termo paixonal suscita a idea de que ese crime foi froito dun amor desmedido, descontrolado, case inevitable e, xa que logo, o mesmo acto é desculpable e ata digno de comprensión. Este é un xeito de diminuír a gravidade e desvirtuar a gravidade substancial do crime cometido e, sobre todo, é un modo informativo que quebra de raíz a norma a que nos ten afeitos o tratamento de calquera outro delito con resultado de morte. Non se len cousas semellantes sobre a personalidade do propio delincente ou da vítima sobre as información sobre atracos con homicidio, por exemplo. Iso revela a forza coa que opera o automatismo dos estereotipos patriarcais e os valores adquiridos na educación. Equivalentemente debe dicirse o mesmo do tratamento que se dá á violencia de xénero nos espazos televisivos. Neste medio, e agás contadas excepcións, as modalidades de información adoitan ser, polo demais, bastante irritantes. Por iso na loita contra a violencia machista as palabras e o tratamento informativo non son neutros.

Nós, a parte das medidas simbólicas e das medidas que van máis no sentido de modificar Leis, tomar acordos, etc...levamos unha medida concreta que tamén se presentou no Parlamento de Galicia que era destinar (ademais é unha medida de compromiso concreto porque ao final todas estas boas intencións e todas estas boas palabras, se non están dotadas de recursos, se non hai cuartos para levalas á práctica, desgrazadamente non serven para nada), co cal nós, unha das propostas que levamos nos nosos acordos era moi concreta e era de instar ao Goberno de Galicia, ao Parlamento, a que destine o 1% do orzamento de 2018 para a prevención da loita de todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres. Entendemos que dotando de recursos é a única maneira de que as políticas se poidan levar á práctica e que

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

este problema poida ter visos de solucionarse máis, esperemos, a curto prazo que a longo prazo.

En todo caso, agradecer o voto favorable do Partido Popular ás nosas propostas e agardar que teñan algunha efectividade práctica e que podamos albiscar o fin, ou o inicio do fin deste grave problema. De momento, neste intervención, nada máis.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista: grazas. Eu quero tamén dicir que o noso voto vai a ser favorable á moción que presenta o BNG. Tamén agradecer o voto favorable que, polo que se ve, vamos a ter do Partido Popular e imos a sacar adiante hoxe a moción que presentamos.

Esta moción non pode quedar sobre o papel. A violencia machista é un problema de primeira orde e son necesarios máis recursos para combater esta lacra, todo o mundo témolo claro. Non se investiu o suficiente en prevención. Atopámonos ante unha violencia que nace da normalidade. Violencia que non é levada por redes criminais, por mafias, grupos e terroristas; senón por homes normais que exercen a violencia e terminan asasinando. Eu pregúntome moitas veces que clase de sociedade estamos tendo que cada ano mata a 70 mulleres polo simple feito de que as consideran súas.

Atopámonos estes días, como xa ben se fixo referencia o do BNG, con datos e estudos que son alarmantes. Os nosos adolescentes so se refiren á violencia de xénero a condutas explicitamente violentas, ven normal o control a través do móbil. A violencia machista é un problema de primeiro orde, pero a percepción da súa gravidade non acompaña. Vivimos dominados e dominadas por unha estrutura social patriarcal, na que se segue cuestionando á mulleres; na que por exemplo, nun caso de violación último que todos coñecemos, se expía e cuestiona á vítima; nas que, nunha Universidade, as que teñen que deixar o seu cargo son as vítimas. Existe un problema de sociedade, un gravísimo problema. Temos unha asignatura pendente: crer nas mulleres. Este sistema social dana ás mulleres. É necesario traballo en prevención, en educación. É difícil de entender, pero a transformación social que vivimos e que estamos protagonizando as mulleres, está xerando que moitos homes sintan unha sensación de ataque e que xere reaccións machistas.

Como todos saben, somos unha provincia rural. Ao redor dun 85% dos concellos temos menos de 5.000 habitantes coas dificultades que iso comporta para ofrecer prevención, atención e seguimento a casos de violencia machista. Dos 92 concellos da provincia, 78 non

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

contan con Centros de información á muller. E toda vez que vostedes, como acabamos de aprobar o Técnico BenOurense, néganse unha vez máis a garantir un Plan de reparto de fondos que puidese servir (Plan do que xa levamos falado aquí varias veces); estes fondos poderían servir nesta cuestión para que se unan outros concellos limítrofes para compartir os servizos de profesionais que saiban atender estes casos de maneira específica.

Dispoñemos de marco lexislativo, Lei orgánica de protección integral contra a violencia de xénero, Lei autonómica, un Pacto recentemente aprobado; pero erradicar a violencia esixe un compromiso tanto individual como colectivo, de todas as institucións como de toda a sociedade. É necesario establecer mecanismos de coordinación. Debemos ser conscientes de visibilizar a loita contra a violencia machista nas contornas rurais, os concellos somos a Institución máis próxima á cidadanía e xogamos un papel fundamental e esta Casa, a Deputación, que debe ter un papel clave á hora de asistir a estes que non teñan recursos e por en marcha mecanismos de coordinación entre diferentes Administracións e Institucións. De momento nada máis.

D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourenzana: ola de novo. Efectivamente vexo que, máis ou menos, todos temos claros á natureza do problema. Agora que se falou dos adolescentes, non hai que esquecer que os adolescentes naceron, como quen di, onte e toda esa carga informativa e toda esa carga, os coñecementos da cultura e social non a teñen. Eles viron o que viron, viron a televisión, algunhas cousas na rúa e están en proceso de formación. Eu poría un exemplo, para establecer a comparación de como poden actuar os adolescentes, poría un exemplo co tema das drogas. A sociedade é moi hipócrita porque de xeito formal, na televisión, nos periódicos, están dicindo *que la droga es muy mala que esto, que si aquello, que no te drogues, que esto que tal...* pero despois os adolescentes, os rapaces, coas súas anteniñas, que teñen así unha anteniñas como as formigas (unhas anteniñas simbólicas) perciben outra clase de mensaxes, outra clase de metamesaxe, na sociedade, na publicidade, nos comentarios dos amigos que lle veñen a dicir: *si no te metes algo eres gilipollas*. Esa á a dobre mensaxe que reciben.

No caso das mulleres, por establecer a comparación, é algo parecido. Por un lado, manifestos, concentracións contra a violencia de xénero, etc, etc, titulares politicamente correctos; pero por outro lado, publicidade na que se usa á muller como obxecto, páxinas de contacto que din...o mesmo periódico onde nun artigo din: coidado coas palabras (como dicía

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

o portavoz do Bloque) porque as palabras ás veces transmiten unhas connotacións tal..., pois no mesmo periódico que coida unha linguaxe politicamente correcta nos titulares das primeiras páxinas, logo nas páxinas finais pon: *universitaria cachonda te hace de todo*. ¡Home! Esas mensaxes pequeniñas iso é o que o adolescente percibe. Entón, a min non me estraña que o adolescente, con esas anteniñas que dicía antes, diga: *bueno, todo ese cuento que me cuentan contra la violencia de las mujeres es un cuento chino, aquí lo que hay es que darle caña y tal*. Despois pasa o que pasa.

Hai, ademais, outro problema engadido, moitos problemas engadidos, o tema das novas tecnoloxías que agora tanto manexan os adolescentes porque son nativos dixitais; para eles os móbiles sempre estiveron aí, non hai un antes e un despois dos móbiles, non, para eles os móbiles estiveron aí sempre, toda a vida. Manéxanos, como os manexan, para os seus acosos, para os seus *ciberbullyng* como lle chaman, para ter controlada a ubicación da súa parella, activando cunha aplicación a ubicación do móbil, etc, etc... Aparecen formas sofisticadísimas de control, xa sabemos que o acoso psicolóxico é mil veces máis destrutivo que as agresións físicas e temos aí un problema, como dicía o portavoz do Bloque, ao mellor fai que todo o conseguido nos últimos anos sexa difícil de implementar nas novas xeracións, porque a publicidade é como é, as metamensaxes dos anuncios publicitarios das películas son as que son. Ademais agora hai un problema moi grande, os avances que tiveron lugar nos dereitos das mulleres sucederon no ámbito occidental, en Estados Unidos e en Europa, no resto do mundo, en África, en Asia, en amplias zonas de América do Sur -xa non digo nos países árabes concretamente-, a violencia estrutural contra ás mulleres, inscrita no propio sistema operativo da sociedade é bestial. Agora co proceso de globalización, todo iso mestúrase. Agora no noso país, en España, ou mesmo en Europa non só existen xeracións herdeiras dos movementos feministas dos anos 70 e 80; agora están vindo en virtude da mobilidade humana, árabes, etc...xente doutras culturas que seguen ancladas na época feudal aos efectos do que estamos falando. Agora todo iso mestúrase e é moito máis difícil erradicar, os avances que puideramos ter tivo, son difíciles de comunicar a esas novas culturas que xa se asentán. Po iso digo xa non digo que sexa unha titánica tarefa do Estado porque é xa case un problema global. Eu penso que xa debería haber un pacto a nivel da ONU, unha directrices desde moi arriba para poder cambiar iso, porque agora como a cultura globalízase, hai un *mainstream* a nivel mundial, xa non é tan fácil abordar o problema. Podemos facer un montón

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

de campañas para o seguinte ano, para dous anos despois, o terceiro ano vén unha tanda de xente de países con outra cultura neste sentido é como se non fixeramos nada. Por iso digo que o esforzo é formidable, por iso digo que cada un debe cingirse a achegar o seu gran de area no ámbito das súas competencias si é que de verdade queremos ser pragmáticos e que o problema se resolva. Nós, coñecendo as limitacións e a magnitude do problema, votaremos humildemente a favor da proposta do PSOE, absterémonos na do Bloque; xa digo, non porque non comprendamos perfectamente as súas motivacións, senón por ir un pouquiño ao práctico. Nada máis. Grazas.

D.^a María Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo do Partido Popular: bos días outra vez. Eu quero dicir que a Deputación de Ourense a maiores das propostas que formulan vostedes, e que xa dixemos que iamos aprobar, un pouco seguindo a liña do que está dicindo o portavoz de Democracia Orensana, de achegar o nos gran de area; pois a Deputación tamén ten as súas propias liñas de actuación en relación co fomento da igualdade, como por exemplo a través do recentemente aprobado Plan de igualdade de oportunidades para mulleres e homes da Deputación de Ourense con medidas que van todas elas encamiñadas á sensibilización, visibilización e promoción da igualdade e polo tanto a colaborar na erradicación da violencia de xénero que é a máxima expresión da desigualdade.

Algunhas destas medidas son, por poñer algún exemplo, favorecer a participación en igualdade do persoal en todos os procesos de organización, xefaturas de servizo, promoción da paridade de homes e mulleres na composición das distintas mesas de negociación e órganos de participación sindical; composición equilibrada dos tribunais e órganos de selección, etc...Medidas de conciliación que promovan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, fomentando cambios de actitude favorables á corresponsabilidade no ámbito doméstico e no profesional. Así como fomentar a formación e sensibilización en igualdade coa introdución, na medida do posible, de formación en igualdade de xénero dentro do Plan de Formación Continua da Deputación de Ourense e mesmo a introdución dalgún módulo de formación específica nesta materia tanto no acceso ao emprego público desta Deputación, como nos procesos selectivos de promoción interna.

Tamén no apartado da saúde laboral, a prevención da saúde e a elaboración de riscos laborais de todos e todas a traballadoras facendo fincapé no risco das mulleres durante o período de lactación, embarazo e maternidade.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

A medida, se cabe, máis acaída falando de violencia é o compromiso desta Deputación e deste Grupo de goberno de apoiar a atención ás traballadoras vítimas de violencia de xénero, a través da difusión a todo o persoal dos dereitos e das medidas de protección dirixidas ás traballadoras vítimas de violencia de xénero.

Ademais disto, a Deputación destina unha cantidade importante de recursos a colaborar coas entidades sen ánimo de lucro que traballan dentro da nosa provincia na atención de mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. A Deputación participa ademais economicamente co programa Tempro, que é un servizo telefónico e de atención e protección ás vítimas de violencia de xénero que xurdiu para proporcionar medidas protectoras de carácter civil e social que eviten o desamparo das vítimas de violencia de xénero, consistente na entrega dun dispositivo móbil que permita ás vítimas de violencia entrar en contacto en calquera momento cun centro atendido por persoal especializado en violencia de xénero. Ante situacións de emerxencia o persoal está preparado para dar unha resposta adecuada á crise exposta, ben por si mesmos ou ben mobilizando recursos humanos e materiais. Ademais diso, dende o centro de atención contactase periodicamente coa usuarias do servizo co obxectivo de realizar un seguimento permanente da súa situación e acompañalas no proceso de recuperación integral.

A maiores, comprometémonos a constituír o Consello provincial da muller que fomente a participación e o traballo en rede de todas as Comarcas de Ourense, de todas as Entidades locais e sociais que traballan contra a loita da violencia de xénero; así como representación das institucións académicas para pór en marcha accións igualitarias en toda a provincia.

Este Grupo de goberno, encabezado polo seu presidente, amosa o nos compromiso por seguir traballando en prol da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, para contribuír a unha sociedade máis xusta, equilibrada e libre de violencia de xénero. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Moi breve, só para aclarar un par de cuestións. A primeira é ao respecto da moción do Partido Socialista, dicir que nós vamos a optar pola abstención porque, aínda que estamos plenamente de acordo coa parte expositiva, no que non podemos estar de acordo é con algúns acordos porque entendemos que é menos concreta que a nosa. A nosa falaba de adicar o % do

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

orçamento da Xunta á loita contra a violencia machista, como xa expliquei anteriormente, que como xa se dixo, produciu máis vítimas que o terrorismo en corenta anos. Ademais, a Xunta ten mecanismos legais que o único que ten que facer é poñer en marcha.

Por suposto, no que tamén estamos en absoluto desacordo é co feito de que a Deputación asuma algunha competencia nesta materia. Ao respecto diso, aínda que agradecemos a predisposición do Partido Popular e o voto a favor da nosa moción, véñeme á cabeza unha anécdota que contan de Gandhi. Unha muller levoulle a un fillo para que deixara de comer azucre e Gandhi díxolle: *tráemo dentro de 15 días*. Pasaron 15 días, a muller volveu co seu fillo, Gandhi colleuno e díxolle: *nenó, deixa de comer azucre*, a muller sorprendeuse e dixo: *home, puidiches facer isto hai 15 días ¿por que me fas vir despois de dúas semanas e simplemente para facer isto, para dicirlle isto?* E Gandhi contestoulle que non o puidera facer hai dúas semanas porque hai dúas semanas el comía azucre. Cal é a moralexa deste conto, pois que ninguén pode ensinar a outro o que non sabe e o que non aplica. En todo caso agardemos que este si sexa un primeiro paso na boa dirección e que realmente cambie a actitude ao respecto deste problema por parte de vostedes. Nada máis. Moitas grazas.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo do Partido Socialista: lamento de verdade que o BNG non se poda sumar a esta proposta de acordo que traemos, creo que é importante impulsar dende todas as Administracións un traballo coordinado, para loitar contra esta lacra. Subscribo, case ao 100%, o que dixo o portavoz de Democracia Ourensana, non é fácil abordar o problema, pero si que é necesario. En relación ao que dixo a Deputada do PP, non vou a entrar no Plan de Igualdade porque nós xa expresamos, no Pleno no que o debatemos, a nosa opinión sobre ese Plan de Igualdade. Non creo que hoxe toque o tema porque senón sería contra restar un pouco a proposta de acordo que nós traemos aquí e creemos que é moi importante que isto saia a diante.

O Pacto provincial que hoxe impulsamos, si é verdade, non imos ser os pioneiros; pero si podemos ser pioneiros na implantación de medidas concretas e orzamentais se somos quen de desenvolver un Plan contra a violencia machista. Neste traballo específico de loita debemos dar cabida a todo o espectro das violencias machistas, non só a que se sofre no ámbito doméstico, ou no eido da parella; senón no dano ocasionado nas crianzas, nas súas nais, ás de acoso, os micromachismos e dar cumprimento especialmente ás recomendacións do convenio

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

de Estambul. Porque si hai un Convenio máis alá que loita contra a explotación, trata e abuso de mulleres, de nonos e nenas.

Vamos a estar vixiantes, vamos a esixir que se dote financeiramente, que se lle doten recursos ao Concellos para que se poida actuar de primeira man e vamos a frear entre todos esta barbarie. Temos que escoller entre dúas cousas, neste, ou barbarie ou feminismo. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), e a abstención de Democracia Ourensana, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1- Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, así como a destinar o 1% dos orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.
- 2- Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- 3- Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO.-

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Subscribir de xeito inmediato o Pacto de Estado en materia de violencia de xénero, que foi impulsado polo Congreso dos e das Deputados/as no pasado mes de setembro e expresar o noso compromiso firme para traballar na súa implantación e cumprimento.

2º.- Adherirnos ás achegas ao Pacto de Estado do relatorio subscrito por unanimidade pola totalidade dos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia así coma sumarnos á posta en marcha do pacto galego.

3º.- Desenvolver un pacto provincial contra as violencias machistas co obxectivo de pór en marcha medidas que tendan a reducir o número de vítimas así como previr e sensibilizar sobre as situacións de violencia de xénero en todo o noso territorio. Este pacto debe contemplar todas as liñas de actuación estratéxicas así como definir o papel asistencial da Deputación no tocante aos concellos de menos de 20.000 habitantes no eido da igualdade.

4º.- Constituír e dotar orzamentariamente un Consello provincial da muller que fomente a participación e o traballo en rede en todas as comarcas de Ourense das entidades locais e sociais vinculadas coa loita contra a violencia de xénero, así como representación das institucións académicas para pór en marcha accións igualitarias en toda a provincia.

11º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN XUNTA-FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS MEDIANTE CREACIÓN DA INICIATIVA CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. Esta iniciativa vén a raíz da Lei recentemente aprobada, Lei de fomento de implantación e fixación de iniciativas empresariais, máis popularmente coñecida como *Lei de depredación de Galicia*, e cun protocolo de actuación que se asinou previamente, é o protocolo que se coñece como *Concellos Doing Business Galicia*.

Vou a exposición de motivos. A maioría absoluta do Partido Popular no Parlamento galego conseguiu sacar a diante a Proposición de Lei presentada a comezos de agosto co

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

título de Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia; máis este eufemismo non é outra cousa -como acabo de dicir- que a Lei de depredación. Unha norma que vai ter importantes repercusións en practicamente todos os sectores vencellados á actividade industrial do País e, por suposto, tamén no marco lexislativo que regula a protección do patrimonio natural e nos prazos de exposición e información públicas.

Deixando á marxe xa o feito habitual de que o Partido Popular elixise o mes de agosto para a presentación da Lei de fomento de iniciativas empresarias, é indubidable que o texto ten provocado fortes resistencias nun amplo grupo de colectivos vencellados ao ecoloxismo, ao mundo rural e á protección do patrimonio natural; ata o punto de terse mobilizado máis de 15.000 persoas polas rúas de Compostela. Non é menos rechamante que, para evitar unha serie de controis que se terían que cumprir no caso de promovela como goberno a través dun Proxecto de Lei, o PP, o Partido Popular, acudise á figura da Proposición de Lei. Deste xeito aforra unha serie de trámites relacionados coa exposición pública, os prazos de delegacións, os ditames de organismos alleos ao executivo; así como informes da legalidade o de dotación económica entre outros.

A invocación á ampla participación da cidadanía na elaboración desta norma que figura na exposición de motivos non semella ser compatible cun trámite feito con estivalidade e pola vía de urxencia e iso sen entrar a valorar as restricións aos prazos de información pública que recolle o articulado. É sintomático tamén que o Partido Popular optara polo trámite de urxencia que xustifica -di- *na preocupación compartida por axentes sociais e grupos políticos sobre necesidade de tomar medidas para que a implantación empresarial na Galiza resulte aínda máis atractiva para os investidores*. Así, asegura que as empresas de todos os sectores reclaman maiores facilidades tanto na adquisición de solo, como na tramitación das autorizacións ou no apoio público. Trátase, en definitiva, de incentivar a instalación de empresas de xeito que ningunha traba administrativa poida obstaculizar o crecemento de Galicia, nin minguar a súa capacidade de competir coas moi favorables condicións de implantación empresarial que ofrecen outras zonas limítrofes -en referencia non explicitada a Portugal- e, para acadalo, o Partido Popular avoga por modificar unha serie de Leis, algunhas de xeito substancial, mesmo as aprobadas polo propio Partido Popual. Esta autocorrección é a constatación do seu fracaso ao facer unha auténtica emenda á totalidade das súas propias políticas pasadas.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

A modo de resumo, podemos dicir que a chamada Lei de depredación é unha Lei feita sen participación dos axentes sociais e sectores económicos es en diagnose da situación real da economía galega. Unha Lei para modificar sen consenso múltiples Leis para centrarse no ámbito forestal e extractivo, desprezando outros sectores, e co obxectivo de reducir a transparencia e o dereito á información e participación da cidadanía na tramitación de expedientes. Desdeña a ordenación, planificación e contorna sen ter en conta os custos social e ambientais e ponse ao servizo das grandes empresas enerxéticas, forestais e extractivas. É unha Lei que pretende ocultar a falta da Xunta de Galicia de planificación, obxectivos e compromisos orzamentarios no tecido industrial e empresarial galego. Vai permitir a declaración de supramunicipalidade da Xunta de Galicia pasando por riba dos Concellos e favorecendo industrias como Ence ou a minaría en Touro.

A Xunta de Galicia e a FEGAMP veñen de asinar un protocolo xeral de actuación para fomentar a implantación e fixación de empresas mediante a creación da iniciativa Concellos Doing Business Galicia. Nós o que demandamos, as propostas de acordo son catro relacionadas tanto coa Lei de fomento e implantación de iniciativas, como co propio protocolo:

En primeiro lugar, maior responsabilidade da Xunta de Galicia na atracción de empresas e investimentos con planificación, obxectivos e compromisos orzamentarios no tecido industrial e empresarial galego e que reconsidere a súa Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais polos custos sociais e ambientais que pode producir.

En segundo lugar, máis recursos e medidas para que os Concellos poidan facer un desenvolvemento local real.

En terceiro lugar, concretar o apoio económico da Xunta de Galicia aos Concellos que se comprometan nas obrigas fiscais establecidas no protocolo.

En cuarto e derradeiro lugar, garantir a non discriminación con aqueles Concellos que non o asinen.

De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: antes de nada decir, sin que se me olvide, una cosa importante. Antes dijo Plácido, en el tema de las inversiones que necesitaba para su Concello, que viña moita xente de Madrid. Vamos a ver nós non temos os cuartos para compracer as necesidades da xente de Madrid. A xente de Madrid se vén de turismo, terá que deixar cuartos. Terá que ser iso rendible. Obviamente, é certo, ás veces fanse inversións para que logo rendibilicen por outro lado. Pero que quede iso claro que nós non estamos aquí para satisfacer á xente de Madrid. A xente de Madrid se vén aquí de turismo terá que deixar cuartos, non que nós gastemos para que eles teñan as cosusiñas cando cheguen todas de marabilla. Tense que autofinanciar un pouco o turismo, un pouco non, bastante.

Antes de ir ao tema, que se me olvidou tamén, dicir que mañá que es el día de jornadas abiertas que organiza aquí la Diputación con estas ideas peregrinas del presidente de la Diputación (¡es más zorro! ¡es más zorro!), resulta que dije yo: mañana vendrán aquí dos, tres o cuatro personas. Pero mirad lo que hace para tener gancho porque este todo lo que sea dinero público tal. Aquí pone al final la cosa: *los visitantes recibirán este libro do Entroido pola ourensanía*. Le regala un libro a la gente, porque sabe que hay gente que se mueve por lo gratis sea lo que sea (porque es una artimaña que hay para que venga la gente), entonces utiliza el dinero público para los que vengan (les da igual visita la Diputación que esto es una *trapallada*) les va a regalar un libro. Entonces, le regala un libro para que venga gente y dice: mira, venían por la Diputación; no, venían por el libro que es distinto. Entonces esto que no quede sin citar.

Respecto a esta moción que trae aquí hoy en día el Bloque Nacionalista Gallego, es curioso porque nosotros llevamos al Ayuntamiento de Orense, el día 1 de diciembre, el próximo viernes, llevamos una moción que realmente tiene que ver con esto que trae aquí el Bloque y es lo siguiente: es que no se admitan (es lo que vamos a pedirle al alcalde de Orense) mociones de este tipo en el Concello de Orense (y si fuera la Diputación, pues en la Diputación). ¿Por qué? Porque hace poco una sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Andalucía dictaminaba, le daba la razón al alcalde para que no admitiera mociones de este tipo porque los ponentes denunciaban a ver por qué no se admitían y lo que el Tribunal Superior de Justicia de Andalucía decía es que el alcalde está en su derecho de rechazar mociones que no son de la competencia propia.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

En este caso, todo lo que pide aquí el Bloque, son cuatro puntos en concreto, ninguno es referente a la provincia de Orense; es simplemente un tema autonómico. Muchas veces son temas autonómicos, estatales, incluso a veces se traen aquí temas europeos. Obviamente, todo lo que ocurre en el mundo influye en Orense, por ese argumento no podemos ir. Pero como no es algo propio de Orense, se está intentando hacer política autonómica en la Diputación.

Nosotros creemos que esto de aquí es una tomadura de pelo, es incluso una usurpación de funciones y realmente es una estafa al electorado. Oye, a nosotros nos eligieron para hacer política provincial, no autonómica. Esto de aquí es una tomadura de pelo porque esto quien lo tiene que debatir es el Parlamento Europeo, no es algo típico de Orense. Nosotros veríamos bien que se instara desde aquí a la Xunta para algo típico, particular de Orense, un problema. Nosotros próximamente vamos a traer aquí mociones en las que vamos a instar a la Xunta. Por ejemplo, en el Concello de Orense queremos que se suprima, que se amplíe la plazas de San Martiño al lado de la Catedral y es necesario eliminar el antiguo edificio de la Policía Local, pues nosotros vamos a instar a la Xunta de Galicia para que acarree los gasto, exista algo propiamente de Ourense. Aquí no se produce el tema y aunque es un tema que pide aquí el del Bloque, que es tremendamente importante, no es particular de la provincia de Orense, de la ciudad, y creemos que no procede. Por eso, nos vamos a abstener.

D. Vicente Gómez García, do Grupo do Partido Socialista: bos días a todos e a todas. Efectivamente a moción do Bloque Nacionalista Galego, o título é o do Protocolo xeral entre a FEGAMP e a Consellería de Industria, pero despois na exposición de motivos ao final o que traslada é a Proposición de Lei que levou ao Parlamento de Galicia o Partido Popular. Nese aspecto e no Parlamento de Galicia a postura do Parlamento de Galicia quedou reflectida, claramente votando en contra desa Lei que dentro dela se inclúe este protocolo que tamén, por outro lado, non estamos totalmente de acordo porque máis ben chantaxea aos Concellos a que asinen este Convenio para ter máis posibilidades á hora de ter algún tipo de subvención. Entendemos que si, que podían premialos con algún outro tipo de subvencións sen diminuír a que sería a dos demais, porque iso vai en merma das subvencións que poidan conseguir os demais. Por outro lado, este convenio é de libre asignación, polo tanto quen quere asínao e, quen non quere, non o asina. Tamén nos vamos a abster nesta moción.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas señor presidente. Permítame dicirlle ao señor Pérez Jácome que o *concellíño* de Muíños non lle paga as vacacións aos madrileños, ¡solo faltaría!. Voulle a explicar, por iso eu invítoa a que veña por alá por enésima vez tamén, veña a verme a Muíños que eu ensinarelle (tamén o invito a comer, non se preocupe); pero mire Muíños conta con dous albergues con 166 prazas e un cámping de 300 prazas. Por estar alí, ben en estancia solo, ben en pensión completa -para que vostede me entenda- o Concello ten unhas tarifas e cobra e por iso contratamos cociñeiras, contratamos monitores e directores de tempo libre, operarios de mantemento, etc, etc... O sea, nós non lle pagamos as vacacións a ninguén e aos madrileños tampouco. Mire, concretamente, esta fin de semana temos 42 persoas alí, mozos, que van facer sendeirismo e BTT, por lle por un exemplo, esta fin de semana.

Cinguíndome á orde o día. Señor Rodríguez Suárez creo, sinceramente, e enténdame no sentido elegante e cortés da miña intervención como fago case sempre, ou entendo que sempre, que non me vou a cansar de asombrarme unha vez máis coa capacidade do seu partido (e ás veces pola súa boca) de debuxar escenarios catastrofistas para este provincia e para Galicia. Cualificar a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresarias de Galicia como depredación, ¡home!, máis ben resulta increíble, pero é a súa linguaxe (que xa non sei ei se se vai contaxiando algo o señor Fraga Civeira, espero que non).

Mire vostede, a Xunta de Galicia está a reforzar a implantación de novos investimentos no noso País e trata de reter ás empresas xa establecidas e vostedes fálannos, señor Rodríguez Suárez, de saqueo, de abuso económico, de máis tributos e ata de empobrecemento da poboación. Todo isto, señor Rodríguez Suárez, é precisamente o que significa depredación. Vostedes que fan do público a súa bandeira (non sempre) mesmo contra a liberdade empresarial, mostran a súa incoherencia ao clamar contra unha Lei que persegue facilitar a implantación de empresas con especial incidencia para o noso rural, sen relaxar, e digo sen relaxar, ningunha das normas e regulamentos aos que está sometida calquera actividade empresarial ou industrial ao que logo me referirei tamén brevemente.

Vostedes, señor Rodríguez Suárez, que moito miran (e citouno vostede) cara a Portugal como exemplo, negan para Galicia e para Ourense unha das medidas que máis impacto positivo tivo na economía portuguesa que foi, precisamente, atraer a case un terzo das empresas pertencentes ao clúster de automoción de Galicia. Sería moito atrevemento negar

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

pola súa parte que para consolidar a recuperación económica cómpre fortalecer e mellorar a competitividade do tecido empresarial afincado no País; así como facilitar a chegada de novas empresas que contribúan a impulsar os nosos sectores produtivos e favorezan a xeración e a creación de emprego de calidade mediante o valor engadido e o peche de ciclos produtivos.

En Galicia, o investimento produtivo estranxeiro en 2016 aumentou máis do 35%, pasando do 86 a 118 millóns de euros en comparación co ano 15. Algo, señor Rodríguez Suárez, terían que ver os gobernos do Partido Popular que vostede e vostedes tanto critican. E aínda máis importante, só no primeiro trimestre –mire que dato- do ano 17, do presente ano, a captación de investimentos xa chegaba a 90 millóns de euros, máis do 76% de todo o captado no ano anterior.

Galicia, esa Galicia que ás veces parece que lles molesta que vaia ben, medra a un ritmo superior ao 3% nos últimos tres anos. Leva varios exercicios batendo records de exportacións e xa recuperou, case, a metade dos empregos perdidos durante a crise. Debemos, polo tanto, consolidar esta mellora económica que sen dúbida repercutirá na nosa provincia atraendo novas empresas, investimentos e emprendedores; e en consecuencia máis emprego, achegándonos máis incentivos fiscais, menos *papeleo* administrativo e unha oferta de solo industrial nas mellores condicións para competir co noso veciño País.

A Xunta xa ten aprobado medidas de gran valor como a Lei de emprendemento e competitividade económica, incorporando novas axudas e instrumentos financeiros, facilitando a compra de solo e creando incentivos fiscais ao investimento. Temos que seguir a aproveitar esta conxuntura económica e non botar pedras contra o noso tellado, señor Rodríguez Suárez hai que quererlle ao País e non só dicilo; e para iso é fundamental crear un contexto aínda máis favorable para desenvolver proxectos estratéxicos na actividade empresarial.

Pois ben, agora o goberno do PP e da Xunta, ese que tamén implantou -recórdolles-, implantou o imposto cero no rural sobre o que vostedes non din nada precisamente (do bo nunca se fala), por certo quere aprobar unha nova Lei consensuada cos principais axentes económicos e sociais de Galicia e que vai a xerara un clima propicio para o investimento (non o dubidamos). Unha Lei, insisto, que persegue como obxectivo facilitar os trámites de apertura dunha empresa ou industria; pero, tamén hai que dicilo, sen cheques en branco e tamén sen custes medioambientais.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017

Mentres vostedes están en contra da creación de postos de traballo (ao menos iso parece) e a favor do peche de empresas; o PP está a dar pasos en firme e xa asinou un convenio de colaboración institucional coa Federación Galega de Municipios e Provincias, aquí se citou xa, para ampliar o alcance das medidas da futura Lei sumando esforzos no eido de rebaixar impostos e as taxas municipais e participar no compromiso dunha maior axilidade administrativa que todos botamos de menos e os que somos alcaldes sabemos ás veces os atrancos que por necesidade imperiosa -así nolo esixe a normativa vixente- lle temos temos que poñer aos emprendedores e aos empresarios. A firma deste convenio por parte dos Concellos é unha mostra máis do compromiso co progreso económico e social da nosa terra e, ademais, trae beneficios en tanto que os Concellos adheridos que obteñan o distintivo Doing Business en Galicia terán preferencia nas axudas autonómicas destinadas a promocionar a industria ou o emprendemento. Un Concello Doing Business ofrecerá máis beneficios fiscais, simplificación administrativa e facilidades de acceso a solo empresarial. Haberá incentivos no imposto de bens inmobles, no de actividades económicas e no imposto de instalación e construción de obras para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes; sempre e cando garantan a creación de emprego. Unha bonificación de ata o 95% cando se creen máis de 20 postos de traballo; como mínimo do 75% cando sexan de entre 11 e 20 empregos e como mínimo do 50% para a creación de ata 10 empregos. Tampouco esixirán taxa por licenza de obra ou apertura en todos os proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes que conleven, por suposto, a creación de novos postos de traballo. Ademais, a concesión da licenza de obra maior (e isto é moi importante) terá un prazo máximo de 30 días naturais dende que o Concello dispoña de todos os informes; quero remarcar, cando se dispoña de todos os informes que repito: non se darán cheques en branco. Con respecto ao solo empresarial fixaranse prezos competitivos establecendo bonificacións e incorporará á súa oferta o dereito de superficie, tema tamén importante.

Remato xa señor presidente, tan solo dicirlle ao señor Rodríguez Suárez que votaremos non e, ao mesmo tempo, dicirlle que a visión apocalíptica que vostedes debuxan dun país chamado Galicia e dunha provincia como Ourense xa non a cree ninguén e iso é o que lles está a pasar factura (e dígollo, bueno, tómeo como un consello e faga con el o que queira) factura política unha e outra vez cando hai procesos electorais. Recórdolles, en todo caso, que

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

o PP comprometeuse a que esta fose a lexislatura do rural e a facilitar e axilizar a creación de empresas. Nese camiño estamos, nese camiño seguiremos ata que remate a nosa responsabilidade de goberno. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas señor presidente. En primeiro lugar, respecto ao que dicía o portavoz de Democracia Ourensana, eu xa o dixen nunha intervención anterior, non vamos a renunciar a dar debates aquí aínda que non sexan temas estritamente competencia nosa ou non nos afecten en exclusiva, si pensamos que se deben tratar aquí e que debe haber un posicionamento deste Pleno. Desde logo dicir que nos parece moi sorprendente dicir que isto non é exclusivo da provincia de Ourense, que non é un problema da provincia de Ourense. Home, a non ser que ultimamente as decisións que toma o goberno da Xunta, ou as Leis que se aproban no Parlamento non nos afectan e estamos excluídos da súa aplicación, eu creo que este é un problema grave e un problema que nos afecta de cheo; non solo a nós, efectivamente, pero a nós tamén.

Con respecto á intervención do portavoz do Partido Popular, insistirlle unha vez máis que iso vostede soe cualificar de visión apocalíptica nós chamamos visión realista, simplemente, visión realista. Dicir que o de Lei de depredación de Galicia non é un termo que acuñou o Bloque Nacionalista Galego é un termo que aparece nun manifesto dun colectivo (que por certo pódese asinar e pódese ver por internet) onde analiza polo miúdo a súa proposta de Lei e sacan as súas conclusións, algunhas son as que eu xa lle adiantei na miña exposición de motivos. Nós si estamos de acordo en que veñan empresas e se monten empresas; pero dende logo non a calquera prezo e non pasando por, absolutamente, riba de todo.

Vostede fala da lexislatura do rural, iso dende logo, como moitas outras cousas, ao final non se compadece coa realidade. Vostedes que falan da lexislatura do rural, por exemplo acabamos de saber que deixaron sen executar (digo vostedes como goberno da Xunta de Galicia) este ano máis de 300 millóns de euros da Unión Europea para a promoción do rural; o ano pasado foron 100 millóns. ¿É esa a súa aposta polo rural? ¿É esa a súa aposta polo rural?

Despois, dicir que esta Lei é tan lesiva, é tan lesiva, que de ter existido anteriormente non tería sido posible frear atentados ambientais como o proxecto da mina de Corcoesto, a extracción de feldespatos da Limia da que eu teño noticia directa, ou mesmo impedir a Lei de acuicultura. A norma deixa sen protección ao interese xeral coas modificacións que introduce

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

nos procesos de tramitación administrativa de determinados proxectos para que a Consellería de Industria imponha o seu criterio por riba de calquera outro.

As consecuencias desta Lei para o rural son enormes. Para as granxas é un auténtico drama porque vai provocar que se sega a perder superficie agraria útil. Temos das superficies agrarias máis baixas de Europa, menos dun 20%, cando a maioría dos países europeos están por riba do 50. Trátase de seguir expulsando xente do rural, eliminando as actividades que manteñen coidado ao medio e as que poden de verdade loitar contra a lacra dos lumes. Isto é unha agresión contra todo iso.

En resumo, o industrial ordena e manda, tendo patente de corso sobre eses terreos por riba, incluso, dos intereses dos propios habitantes. Agora, o capitalismo amigo do señor Feijóo vai poder facer po que queira neses espazos. Os eucaliptos superan en máis do dobre o previsto na Lei galega. Esta Lei vai a seguir ecualiptizando aquelas bisbarras que a día de hoxe aínda non o están.

En resumo, consideramos que é unha Lei totalmente negativa. Como digo, se vostedes tanto presumen que é unha Lei que se aprobou con participación e respondendo aos intereses da cidadanía, etc..¿por que o fan no mes de agosto? ¿por que os cidadáns, os propios axentes sociais falan de que é unha Lei que está aprobada, como moitas outras sen ningún tipo de consenso e sen contar cos colectivos implicados? Nós, loxicamente, reiteramos as nosas propostas de acordo e de momento nada máis. Moitas grazas.

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola. A ver, a primeira hora de la mañana estuvieron aquí unos niños de 10 años, de quinto de primaria. Pues en quinto de primaria, no sé cuándo se enseña la teoría de conjuntos, pero tener que ponernos a debatir ahora a nivel de quinto de primaria me parece patético. Vamos a ver, las mociones que podamos traer aquí son mociones provinciales y del Concello de Orense, estamos dentro, obviamente, de un ámbito autonómico y esto está dentro de un ámbito estatal y de un ámbito europeo y de un ámbito mundial. Entonces, hombre, todo lo que afecte, obviamente, a Europa puede acabar afectando a Orense; sin embargo no es nuestra competencias. Ponerse a decir que tenemos que llevar cualquier tema mundial porque afecta a Orense, eso ya lo sabemos, es una teoría de conjuntos, estamos dentro. Oye, los números naturales están también dentro de los números racionales, eso ya lo sabemos, es de 5º de EGB. Ahora la pregunta es la siguiente, a nosotros nos votaron para tratar temas de la provincia de

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Orense, y en el Concello temas del municipio, y podemos pedir cuando salga un particular nuestro; ahora traer aquí temas autonómicos que son estrictamente autonómicos y que no son particulares de la Orense de Orense nos parece una estafa democrática.

Además el Bloque también esta moción la llevará o la llevó al Parlamento gallego y, porque no está en el Concello de Orense, sino también la llevaría al Concello de Orense. ¡Hombre! Esto me parece que ya es redundante aquí. Y no entender la teoría de conjuntos y ponernos aquí a hablar de lo que afecta a Orense y lo que no afecta pues me parece que ese debate ya tenía que haberse dado cuando estaban aquí los niños de 10 años, no ahora.

D. Vicente Gómez García, do Grupo do Partido Socialista: a verdade é que proposición de Lei foi debatida este verán, polo tanto tampouco vai haber esa moción que di o señor Jácome porque acaba de debaterse e nela o Partido Socialista fixo unhas emendas que non foron aprobadas; polo tanto non creo que, agora mesmo, una Lei que se acaba de aprobar teña algún tipo de incidencia o que nós podamos dicir ou non.

Eu pensei que se ía falar moitísimo máis do que lles afecta aos Concellos que é, precisamente, o protocolo coa FEGAMP porque hai cousas que si que cremos que non están o suficientemente claras, como o tema de que primen as subvencións para aqueles concellos que asinen o contrato. Porque podería ser que si que primaran outro tipo de cousas sen menoscabar o dos demais Concellos. É a sensación que nos da por este protocolo que o único que vén a dicir é que a Xunta é a que fai a invitación e os Concellos pagan porque nese protocolo é o que hai. Tamén, señor Álvarez Dobaño, moitos dese impostos xa tiña o Concello, a propia Administración Local, potestade de facer modificación nalgúns deles, IBI, Construcións, etc.. Moitas grazas.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo do Partido Popular: grazas señor presidente. Da a impresión que lle teñen manía ao mes de agosto. Téñenlla porque queren, porque vostedes solicitaron a convocatoria do Pleno extraordinario e nós, uns con vacacións e outros sen elas, aquí estivemos ao pé do canón, señor Rodríguez Suárez. Entón tampouco lle temos tanta manía, se hai que traballar, trabállase home.

En canto ao termo de *depredación*, eu non digo que sexa un termo que dean vostedes de inicio, o que si está claro que, tan pronto saíu ese manifesto, fixérono seu inmediatamente; co cal quere dicir que están de acordo con el. Entón, dáme igual que sexa de inicio, que sexa de seguidismo puro e inmediato.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

¿Que máis lle teño que dicir? Pois o seguinte, que a nós nos conste, señor Rodríguez Suárez, o BNG está ben representado na FEGAMP (non o dubidará vostede, non o dubido eu, ¡imagine vostede!) que vén a ser a entidade que acaba de asinar coa Xunta de Galicia esta iniciativa de máxima importancia para Galicia (iso engádoo eu, polo menos eu así o valoro); polo tanto dende o punto de vista -diría eu- serio e de oportunidade política (oportunismo sería outra cousa) non é se recibo esta moción cando acaba de presentarse e aínda é moi prematuro avaliar os resultados desta iniciativa, niso coincidirá comigo.

Pódese estar sempre en contra de todo, máis ben iso é o que nos dan a entender vostedes na maioría dos casos, pero a verdade é que gañarían en credibilidade, e dígollo con total sinceridade, (hoxe estou por darlle consellos, seguro que non vai facer caso de ningún, pero bueno aí van: gratis e sen nada a cambio) se esperasen a xulgar con datos na man, e digo con datos na man señor Rodríguez Suárez, cuestións como esta coa que resulta curioso vostedes, vostedes mesmos como partido (por iso non os dou entendido nalgúns casos como hoxe), están de acordo; senón, salvo que me equivoque e xa me corraxirá vostede, preguntémosllo ao señor alcalde de Allariz que é un dos máximos responsables da Federación Galega de Municipios e Provincias e, que eu saiba, representa ao BNG. Polo tanto, menos oportunismo señor Rodríguez Suárez e máis propostas en favor da nosa provincia e dos seus cidadáns. E remato xa e non lle dou máis consellos por hoxe. Moitas grazas.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. En primeiro lugar, ao mellor o que non ten clara a teoría de conxuntos é o portavoz de Democracia Orensana; xa o teño dito máis veces, máis alá dos formalismos, máis alá de todos estes debates bizantinos que temos ás veces sobre si si ou se non se debaten mocións que nos son competencia ou non, a min tamén me gustaría saber que lle parece a vostede a Lei, se ten algunha opinión ao respecto. Ao final non a soubemos.

Non lle temos manía ao mes de agosto, señor Álvarez Dobaño; o que parece é que vostedes lle teñen unha especial querencia ao mes de agosto para tratar e traer aquí temas que ao final podan resultar incómodos. Nós reiteramos é unha Lei, a Lei de iniciativas empresariais, que está feita sen participación dos axentes sociais. É unha Lei que está feita sen unha diagnose real da situación da economía galega. É unha Lei feita para modificar sen consenso múltiples Leis para centrarse no ámbito sobre todo forestal e administrativo, desprezando outros sectores e co obxectivo de reducir a transparencia e o período de

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

participación da cidadanía. É unha Lei que desdeña a planificación, a ordenación da contorna sen ter en conta os custos sociais e ambientais e que se pon ao servizo das grandes empresas enerxéticas, forestais, extractivas -normalmente de fóra de Galicia- que nos deixan, máis ben, pouco beneficio. É unha Lei que pretende ocultar a falta da Xunta de Galicia de planificación, obxectivos e compromisos orzamentarios no tecido industrial galego e que vai permitir a declaración de supramunicipalidade pasando por riba de Concellos e favorecendo ás grandes industrias, xa puxen un par de exemplos: ENCE e Touro.

Respecto do protocolo firmado por Xunta e FEGAMP, Concellos Doing Business, nós o que propoñemos, como segundo e terceiro punto na nosa moción, é que se concrete o apoio da Xunta de Galicia aos Concellos que se comprometan nas obrigas fiscais establecidas nese protocolo e que se garanta que non se discrimine aos Concellos que non o asinen. Nada máis. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) o voto en contra do Grupo Popular (14) e abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

O Sr. presidente anuncia que hai un escrito presentado polo BNG sobre a contratación do proxecto Conecta Ourense e cédelle a palabra ao BNG para que xustifique o motivo da urxencia da moción.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. É unha moción de urxencia, de feito trasladóuselle a todos os Grupos como tal, parece.

O Sr. Presidente: un documento de iniciativa política, o que soe facerse no título é dicir si é de urxencia, ou é unha moción ordinaria. Non o pon, pode ser un esquecemento, ten a posibilidade de defendela como así se tratara ou se cualificara así.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: moitas grazas señor presidente. É unha moción de urxencia. Vou a xustificalo moi brevemente. A urxencia, vou a xustificar a urxencia. Vimos de coñecer, a través dos medios de comunicación, que o proxecto que esta Deputación encargou a Pricewaterhouse Coopers para a redacción do proxecto Conecta

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Ourense, do que a Deputación pretendía captar 15 millóns de euros para o desenvolvemento urbano sustentable, é en boa medida un copia-pega doutro Plan existente - nomeadamente o de mobilidade sustentable- que o Concello de Ourense encargou no ano 2012. A nós isto parécenos suficientemente grave para que, en todo caso, se aclare á maior brevidade posible. Diso tamén vén derivada a urxencia, un dos acordos que formulamos é que na seguinte, na primeira Comisión de Transparencia que convoque, na seguinte do mes de decembro, o vicepresidente segundo da Deputación e presidente da Comisión, don Jorge Pumar, dea traslado aos Grupos da oposición de toda a información da dispón desta cuestión para corroborar ou desmentir a veracidade desta información. De constatare os feitos, darlle orde aos servizos de contratación para que incoen un expediente de reintegro, ou interpor, no seu caso, as demandas contra a consultora por un presunto ilícito penal.

Entendemos que isto xustifica por si mesmo a urxencia. Primeiro, como digo e resumindo, no feito de que é un tema grave que necesita ser aclarado a maior brevidade posible e, en todo caso, se se aprobara e se aprobaranos acordos, serían de aplicación na vindeira Comisión de Transparencia. Nada máis, moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana: hola, casi todos los libros de *management*, en ciertos momentos, resaltan la diferencia entre urgente e importante. Mucha gente confunde los términos urgente e importante. Nosotros creemos que este tema es súper importante; pero, hay que decirlo, no es urgente, no en la medida que se quiere traer. Máxime además, si algo es súper importante y no es urgente razón de más para retrasarlo y examinarlo con mucho más detenimiento. Creemos que hay que examinarlo bien y como no es urgente, bien puede esperar, tres, cuatro semanas.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo do PSOE: nós manteremos o criterio habitual e votaremos a favor da urxencia, sen máis.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo do Partido Popular: bos días a todas e a todos. Grazas presidente. En primeiro lugar, este equipo de goberno rexeita a urxencia por dous motivos principais. Primeiro, como ben dicía o presidente, no texto da moción non aparece a palabra *urxente* por ningún sitio. É unha moción presentada no día de onte, presentada no día de onte. Segundo motivo principal, é que segundo o acordo que vostedes

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

teñen no texto, o primeiro punto é que na vindeira Comisión de Transparencia daráselle toda a información aos Grupos políticos; é o que faremos. Entendemos que isto, máis que unha moción, é un rogo e así o consideramos, que non é urxente neste caso. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a urxencia da moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14) e de Democracia Ourensana (2).

13º.- DACIÓN DE CONTA DAS RELACIÓNS DE DECRETOS DE PRESIDENCIA:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de outubro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de xuño e 1º de setembro de 2017.
- Deputado delegado de Facenda: mes de outubro de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de xullo, 2º de agosto e 1º de setembro de 2017.
- Deputado delegado de Administración Provincia I: mes de outubro de 2017.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de outubro de 2017 de 2017.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG: grazas Sr. presidente. Ben, en primeiro lugar dicir que agradezo a predisposición e que implicitamente aprobaran a moción que acabamos de presentar. Indo aos rogos e preguntas, un tema reiterado: hai varios meses este grupo presentou unha pregunta por escrito na que se pedía por escrito que por parte do Sr. secretario xeral se certificara se un informe era auténtico, é dicir, se se correspondía co que se presentara no seu día no Rexistro Xeral desta Deputación. Con bastante demora

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

contestóusenos que ese escrito presentado o 12 de decembro de 2016 e número de entrada 36.768, que se correspondía cun informe de avaliación do contrato de limpeza, subscrito pola xefa do negociado de Saúde Laboral, fora remitido á Presidencia. Transcribo literalmente a contestación do secretario: con respecto a se ese documento (o que se nos fixo chegar sen selo) coincide co presentado o 12 de decembro de 2016, non é posible certificar ese extremo dado que para iso sería necesario o cotexo de ambos os dous documentos. Resulta desacougante pensar que os documentos que se rexistran en función do seu contido (o deste era especialmente crítico a respecto de cómo se estaba a cumprir o prego de condicións do servizo de limpeza destas dependencias, ademais de alertar sobre presuntos problemas de falla de actitude laboral) poidan desaparecer sen máis nas dependencias desta Deputación. A nosa pregunta é moi sinxela. Sr. presidente ¿pode dicirnos que pasou co documento que se rexistrou o 12 de decembro? No hipotético caso de que ese documento non apareza ¿ten vostede previsto *averiguar* que puido ter acontecido e se puidera constituír unha práctica habitual nesta institución? Nada máis. Moitas grazas.

Sr. presidente: respostareille por escrito ¿algunha cuestión máis? Si

D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista: si. Bo día a todos e a todas. *Solo, bueno*, unha pregunta que creo que eu xa teño manifestado moitas veces o tema das urxencias das mocións. Porque ao final se impide o debate, independentemente de cal sexa o tema e creo que como era unha cuestión que sempre abordabamos anteriormente, pois seguimos mantendo o mesmo criterio. Pero a vostedes a verdade Sr. vicepresidente xa non llo pregunto: parécelle que o primeiro argumento que como un grupo non presenta por un erro ortográfico que é urxente que ese é argumento para *rechazar* unha moción para un debate político importante ¿cre que ese é un argumento? Eu creo que dende logo iso non se sostén. Dito isto, estou moi interesado desde hai moito tempo, e quero sabelo, xa o digo a modo de ironía, porque o meu fillo me pregunta todos os días ¿Qué acontece co museo Bolecha? Se o ten en marcha, que como o teñen. Non sei, algo quería saber dese tema porque é algo que me preocupa e me interesa moitísimo no devir desta provincia. Moitas grazas.

Sr. presidente: respostaráselle por escrito ¿Algunha cuestión máis? Si.

D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista: Sr. presidente. Para rematar dicía que me gustaría facer o meu comentario politolóxico do Pleno de hoxe, ou a valoración politolóxica do Pleno de hoxe. No meu caso vai ser unha análise politontolóxica.

| |
|--|
| Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2017 |
|--|

Sr. Álvarez Dobaño, atenda un segundo. Escoiteino todo o Pleno (e iso que entreviú hoxe) e voume decepcionado porque non lle escoitei dicir “*palo remas, palo porque non remas*”. Desde logo que me levo unha fonda decepción hoxe do Pleno de hoxe. Agora xa en serio Sr. presidente, permítame a broma, un rogo que ben ao fío da moción do BNG da que non se admitiu a urxencia, nós mocións non traíamos porque xa tiñamos dúas presentadas, pero si un rogo que lle vou facer eu agora aquí: sendo coñecedores de que no proxecto Conecta Ourense, co que esta Deputación concorreu por dúas veces dentro da estratexia Dusi, que foi rexeitado tamén dúas veces, presentouse un documento que contén parte da información plaxiada do Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Ourense, e se non é plaxiada é ben parecida, do ano 2012, e dado que se lle pagou pola redacción deste proxecto a Price Waterhouse Coopers a cantidade nada *desdeñable* de 70.785 euros provenientes dos recursos públicos desta Deputación, o rogo é o seguinte: que se lle reclamen as responsabilidades pertinentes á empresa á que se lle encargou o traballo por non cumprir co cometido. Amósase que o documento presentado carecía da calidade mínima para selo, para ser presentado, por iso entendemos que foi rexeitado en dúas ocasións. Sospeita que se ve confirmada esta, co coñecemento de que se copiou e pegou literalmente doutros traballos, concretamente do antes sinalado do Concello de Ourense do ao 2012. Traballo que para máis INRI o Sr. vicepresidente debería coñecer, xa que ademais de ser o responsable deste proxecto, naquela altura, naquel momento era o asesor do Grupo Municipal Popular. Isto ten toda a pinta de ser unha tomadura de pelo por parte da empresa e nós o que non queremos é que esta Deputación quede de mans cruzadas, por iso queremos que se lle pidan responsabilidades a esa empresa. Moitas grazas.

Sr. presidente: grazas. Queda constancia do seu rogo e comparto tamén a decepción por non escoitar esa expresión de Plácido Álvarez Dobaño neste Pleno. Se non hai ningunha outra pregunta, agradézolles a súa asistencia e participación e levantamos a sesión. Moitas grazas.

E, ás 13.15 horas do día vinte e catro de novembro do ano dous mil dezasete, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,